

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62597>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

Familia, poder e relixiosidade dunha aristócrata baixomedieval galega. As últimas vontades de dona Xoana de Castro (1467)¹

Miguel García-Fernández²

Recibido: 28 de outubro de 2018 / Aceptado: 13 de novembro de 2018

Resumo. Dona Xoana de Castro foi unha destacada aristócrata que viviu na Galicia do século XV vinculada a dúas das principais liñaxes do momento: os Castro –pois a súa familia de orixe era a dos Castro de Castrolverde– e os Moscoso –xa que casou con Rodrigo de Moscoso, converténdose, ademais, na nai dos sucesores da liñaxe. Aínda que se conservan diversos datos dispersos sobre esta nobre, até o de agora estaban inéditas as súas últimas vontades. Por iso, o obxectivo deste traballo é dar a coñecer o seu testamento, conservado nunha copia moderna e, ao mesmo tempo, ofrecer unha primeira aproximación global á familia, poder e relixiosidade de dona Xoana. Desta forma será posible analizar as súas últimas vontades no seu contexto e, ao mesmo tempo, achegámonos á vida e actuacións desta aristócrata que tivo un notable protagonismo social e económico –especialmente durante a súa viuvez–, evidenciando unha vez máis que as aristócratas non foron simples “damas encerradas en castelos”.

Palabras chave: Mulleres; aristocracia; testamentos; Galicia; século XV.

[es] Familia, poder y religiosidad de una aristócrata bajomedieval gallega. Las últimas voluntades de doña Xoana de Castro (1467)

Resumen. Doña Xoana de Castro fue una destacada aristócrata que vivió en la Galicia del siglo XV vinculada a dos de los principales linajes del momento: los Castro –pues su familia de origen era el de los Castro de Castrolverde– y los Moscoso –ya que se casó con Rodrigo de Moscoso, convirtiéndose, además, en madre de los sucesores del linaje. Aunque se conservan diversos datos dispersos sobre esta noble, hasta el momento sus últimas voluntades estaban inéditas. Por eso, el objetivo de este trabajo es dar a conocer su testamento, conservado en una copia moderna y, al mismo tiempo, ofrecer una primera aproximación global a la familia, poder y religiosidad de doña Xoana. De esta forma será posible analizar sus últimas voluntades en su contexto y, al mismo tiempo, acercarnos a la vida y actuaciones de esta aristócrata que tuvo un notable protagonismo social y económico –especialmente durante su viudedad–, evidenciando una vez más que las aristócratas no fueron meras “damas encerradas en castillos”.

Palabras clave: Mujeres; aristocracia; testamentos; Galicia; siglo XV.

[en] Family, Power and Religiosity of an Aristocratic Woman in Galicia during Late Middle Ages. The Last Wills of dona Xoana de Castro (1467)

Abstract. Dona Xoana de Castro was an outstanding noblewomen who lived in Galicia during the 15th Century, linked to two of the main lineages at that time: the House of Castro –because their original family was the Castro de Castrolverde family– and the House of Moscoso –because she was married with Rodrigo de Moscoso, becoming, in addition,

¹ O presente traballo enmárcase dentro dos proxectos de investigación “Voces de mujeres en la Edad Media: realidad y ficción (siglos XII-XIV)” (FFI2014-55628-P), dirixido pola Dra. Esther Corral Díaz; “Linaje, parentela y poder: la pirámide nobiliaria gallega (siglos XIII al XV) (II)” (HAR2013-42985), cuxo investigador principal é o Dr. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés; e “La casa señorial en Galicia (siglos XIII-XVI). Materiales para su estudio” (HAR2017-82480-P), dirixido polo Dr. Pablo S. Otero Piñeyro Maseda. Así mesmo, forma parte das investigacións que veño desenvolvendo de cara á presentación da miña tese de doutoramento *La posición de las mujeres en la sociedad medieval. Un análisis de la práctica testamentaria en la Galicia de los siglos XII al XV*, dirixida polo Prof. Dr. D. Ermelindo Portela Silva. Agradezo a Rodrigo Pousa Diéguez, Diana Pelaz Flores e Ricardo Pichel a súa dispoñibilidade para responder as miñas consultas, así como as súas recomendacións, e a Manuel Rial Santos algunhas fotografías que me enviou cos escudos conservados no castelo de Vimianzo.

² Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Universidade de Santiago de Compostela.
Correo-e: miguelgarciafernandez88@gmail.com

the mother of the successors of the lineage. Although there are several scattered data about this noble, until now we did not know her last wills. Therefore, the aim of this paper is to publish her last wills and testament, preserved in a copy of Early Modern Age, and, at the same time, offer a brief historical approach to the family, power and religiosity of Dona Xoana. In this way, it will be possible to analyze her last wills in their context and, at the same time, to approach the life and actions of this aristocrat woman who had a remarkable social and economic role, especially during her widowhood, evidencing, once again, that noblewomen were not mere “ladies locked in castles”.

Keywords: Women; Aristocracy; Last Wills and Testaments; Galicia; 15th Century.

Sumario. 1. Introducción. 2. A familia: entre os Castro de Castroverde e os Moscoso. 3. Patrimonio e poder: das bases materiais á presenza pública. 4. Relixiosidade e preparación ante a morte. 5. Conclusións. 6. Apéndice documental: o testamento de dona Xoana de Castro (1467). 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: García-Fernández, M. (2018): “Familia, poder e relxiosidade dunha aristócrata baixomedieval galega. As últimas vontades de dona Xoana de Castro (1467)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, pp. 133-156.

1. Introducción

Abordar o estudo das mulleres da aristocracia medieval á marxe de lugares comúns, tópicos e incluso prexuízos segue sendo, en boa medida, unha tarefa pendente dentro do medievalismo ibérico³. A pesar dos notables avances realizados desde hai décadas dentro da historia das mulleres e dos estudos de xénero, o certo é que o papel e protagonismo específico das

mulleres aristocráticas non foi analizado en profundidade nas súas características, tempos e transformacións ao longo da Idade Media⁴. Porén, nos últimos tempos estanse producindo notables avances sobre o tema, en boa medida grazas á recuperación de novas fontes centradas en achegarse á memoria e actuacións das mulleres⁵ e incluso ante o éxito de modelos analíticos como os vencellados aos estudos sobre a rexinalidade –*queenship*– que, dedicados a analizar o papel das raíñas, poden facerse extensibles a outras mulleres relacionadas coa realeza e, por suposto, ás mulleres da aristocracia⁶. Neste mesmo sentido, podería resultar pertinente unha reflexión conceptual que dote o *ladyship* dun significado similar ao do *queenship*, no marco dun diálogo permanente coa carga semántica que presentan os termos *lordship* e *kingship*, claramente resultantes dunha visión androcéntrica do poder na que se vincula o “señorío” e a “realeza” cunha autoridade exercida esencialmente por varóns⁷. En todo caso, o fundamental sería poder coñecer o exercicio do poder feminino dentro da aristocracia e incluso responder a se existe unha forma específica de exercer a autoridade rexia ou señorial por parte das mulleres. Tamén resultará pertinente reflexionar sobre até que punto determinadas manifestacións dese poder feminino rexio ou señorial derivan directamente da posición de consortes de moitas destas mulleres fronte ao caso daquelas outras que accederon ao mesmo na condición de titulares e detentadoras principais ou únicas do reino ou do señorío.

³ Porén, para outros ámbitos europeos contamos con obras monográficas e incluso de síntese. Véxanse, por exemplo, os traballos de Ward 1992, 1995; Coss 1998, Evergates 1999, Livingstone 2010 ou Wilkinson 2015: 13-91, con capítulos específicos sobre as *noblewomen* e as *gentlewomen*.

⁴ De todos modos, ademais de estudos de caso diversos, resulta imprescindible citar bibliografía específica básica como Beceiro Pita 1986 e Quintanilla Raso 1988; desde unha perspectiva máis ampla Beceiro Pita e Córdoba de la Llave 1990; e, para o caso galego, Pallares Méndez 1998 (2ª ed. 2004).

⁵ Bo exemplo disto son traballos como os de Barco Cebrián 2014, sobre dona Leonor Pimentel, ou a documentación publicada en Enjo Babío *et alii* 2017 e Otero Piñeyro Maseda e García-Fernández 2017.

⁶ A este respecto véxase Guerrero Navarrete 2016 e Pagès Poyatos 2017, e, anunciando un estudo máis amplo sobre a nobreza feminina castelá na Baixa Idade Media, Marin 2018.

⁷ Até o de agora *ladyship* é empregado fundamentalmente como fórmula de tratamento, mentres que *lordship*, ademais de ter ese mesmo significado pero aplicado aos varóns, presenta unha polisemia moito máis ampla, encamiñada a nomear directamente a autoridade ou o estatus dun *lord* ou mesmamente o territorio que posuía ou sobre o que exercía o poder xurisdiccional, é dicir, o señorío. É evidente, pois, a asimetría existente entre estes dous termos ingleses derivada dunha concepción androcéntrica do poder. Por suposto, este esforzo conceptual, que podería ser de grande utilidade na conformación de ferramentas analíticas dentro da disciplina, debería vir acompañado de reflexións sobre as posibles adaptacións do concepto ou categoría de análise *ladyship* a contextos lingüísticos románicos –*señoralidade?* *señoraleza?* *señoralía?* ou simplemente “señorío feminino”?– como realizou no seu momento Núria Silleras Fernández (2003) sobre a tradución de *queenship*. Unha visión contraposta, rexeitando precisamente a necesidade desa tradución ao poder ser empregada a expresión “realeza feminina”, en Fuente Pérez 2017: 15, n. 17.

En todo caso, as pretensións deste traballo están lonxe de querer ser tan ambiciosas. Por iso, o obxectivo fundamental é dar a coñecer as últimas vontades –até o de agora inéditas– de dona Xoana de Castro, filla de Alonso de Castro, señor de Castroverde, muller de Rodrigo de Moscoso e nai de significativas e ben coñecidas figuras do século XV galego como Bernal Yáñez de Moscoso, Álvaro Pérez de Moscoso, dona Inés de Moscoso e dona Urraca de Moscoso. Estamos ante unha muller que, como se verá, tivo un destacado papel na sociedade da época. Calquera que se achegue á Compostela de mediados do século XV pode decatarse deste feito⁸. Porén, é habitual que a súa presenza só se poña de manifesto en relación aos membros da súa familia. Polo tanto, nesta ocasión e antes de dar a coñecer as súas últimas vontades procurábase abordar unha aproximación global sobre a rede familiar da que procedía e na que se integrou, ademais de ofrecer algúns datos básicos sobre as bases materiais e a proxección pública de dona Xoana de Castro.

Máis alá das informacións que até o momento nos aporta o historiografía sobre estas mulleres nobres, non cabe dúbida da necesidade de seguirmos rastrexando, localizando e publicando fontes como este testamento para contribuírmos ao avance xeral do coñecemento sobre o papel das mulleres no seo das familias e liñaxes aristocráticas medievais.

2. A familia: entre os Castro de Castroverde e os Moscoso

Boa parte das aristócratas medievais convertéronse en auténticos nexos de relación social ao

situárense entre dúas liñaxes ou familias: a de orixe e aquelas outras coa que emparentaban por vía matrimonial. Ao fin e ao cabo, o matrimonio constituía *per se* unha estratexia destinada a construír, reforzar ou refacer vínculos entre familias. De todos modos, ante esta evidencia –moitas veces repetidas– cómpre facer fincapé en tres cuestións. En primeiro lugar, non convén considerar as mulleres como os únicos peóns desas estratexias familiares, sen capacidade para decidir en moitos casos, senón que tamén moitos varóns desas aristocracias foron “utilizados” igualmente polas súas familias para construír unhas alianzas concretas. As alianzas adoptadas cando moitos homes e mulleres aínda eran nenos son unha boa mostra desta realidade que disocia o matrimonio do aspecto amoroso co que se quixo identificar en tempos moito máis recentes. En segundo lugar, o feito de casar ou ser casada non implicaba necesariamente para as mulleres o seu sometemento absoluto ao cónxuxe nin, menos aínda, a súa anulación como suxeito social activo e dinámico, tanto dentro como fóra da esfera familiar. De feito, ser nexos de unión entre familias podía dar lugar a situacións de profunda complexidade nas que as mulleres podían desempeñar un papel sumamente activo, ligado en boa medida ás prácticas de mediación. Por último, non se pode negar o poder e influencia de moitas mulleres á hora de promover determinados casamentos, polo que as políticas matrimoniais deben entenderse como asuntos verdadeiramente familiares e non só de homes.

No caso que nos ocupa, o ámbito familiar de dona Xoana de Castro está representado por dúas das principais liñaxes que operaron na sociedade galega do século XV (fig. 1): os Castro




Figura 1. Esquema xenealóxico simplificado de dona Xoana de Castro. Elaboración propia

⁸ Creo que isto explica, precisamente, a súa evocación nas páxinas dunha novela recente que recrea a vida e tensións que tiveron lugar na Compostela de 1458: *En tiempo de halcones* de Fran Zabaleta (2016). Trátase dunha simbólica presenza literaria que, máis alá do que aquí nos interesa, pode contribuír a divulgar a súa figura.

e os Moscoso⁹. De feito, no lintel de entrada ao patio interior do castelo de Vimianzo aínda se conservan dous escudos do século XV que conteñen nun caso o emblema dos Moscoso –unha cabeza de lobo– e no outro o dos Castro –seis roeis–¹⁰ (fig. 2). É unha imaxe gráfica da alianza establecida entre estas dúas liñaxes grazas ao matrimonio entre dona Xoana de Castro e Roi ou Rodrigo de Moscoso. Tamén é bo reflexo da conservación pétreo da pegada desta alianza no ámbito familiar, evidenciando a importancia das mulleres e as liñaxes maternas na conformación da identidade e memoria xenealóxica da nobreza baixomedieval. Desta forma, é posible afirmar unha vez máis que a cristalización das liñaxes e o fortalecemento da liña masculina de maior idade durante a Baixa Idade Media non supuxo excluír ou marxinar completamente as ramas femininas dentro da nobreza no que se refire á transmisión de bens, dereitos e identidades (García-Fernández 2017: 82-85).

Comezando pola súa familia de orixe, cómpre sinalar que dona Xoana era filla de Alonso de Castro, I señor de Castroverde, e de dona María Ramírez de Guzmán; consecuentemente era neta, por parte paterna, de Alvar Pérez de Castro, conde de Arraiolos e I condestable de Portugal, e de dona María Ponce de León (Pardo de Guevara 2000a: II, 16-17, táboa xenealóxica 4 “Los señores de Castroverde. Siglos XIV-XV”; 2017a: 427). Isto implicaba formar parte dunha rama dos Castro, familia –coa súa conseguinte parentela– que encabezou en gran medida a nobreza baixomedieval galega¹¹. Precisamente, o pai de dona Xoana recibiu en 1418 do seu sobriño don Fadrique, conde de Trastámara e posteriormente duque de Arjona, “los mis lugares de Castroverde con su alfoz e tierra e toda tierra de Luases con sus merindades segund que me pertenesçen” como consecuencia do “gran debdo que vos, don Alfonso de Castro, mi tío, avedes connigo e [por] los grandes e buenos e leales serviçios



Figura 2. Emblemas heráldicos dos Moscoso e dos Castro no castelo de Vimianzo. Fotografía do autor

⁹ Bartolomé Sagrario de Molina, máis coñecido simplemente como Licenciado Molina (2003 [1550]: 262-265), coloca na súa obra os Moscoso e os Castro como as primeiras liñaxes dentro das situadas no grupo *Dos Ilustres*, evocando no primeiro caso que “un cabaleiro destes [dos Moscoso] [casou] cunha señora da casa de Arjona, por quen agora os señores da casa de Altamira posúen en Galicia moitas terras”. Parece referirse, claro está, a dona Xoana de Castro, sobriña de don Fadrique, duque de Arjona, quen, como veremos *infra*, outorgou a dona Xoana un dote importante.

¹⁰ Lema Suárez e Mouzo Lavandeira (1998: 74) indican que foron “sen dúbida realizados no séc. XV, xa antes do asalto irmandiño de 1467 (quizais ordenados por dona Xoana de Castro e Lara ou por calquera dos seus fillos: Bernal, Álvaro, Inés ou Urraca), xa con posterioridade á toma da fortaleza por parte do I conde, Lopo Sanches de Moscoso, en 1472”.

¹¹ Para unha visión de conxunto sobre os Castro na Galicia medieval e as súas distintas ramas e reconstrucións xenealóxicas, véxase Pardo de Guevara y Valdés 2000a.

que me avedes fecho e fazedes de aquí adelante” (Pardo de Guevara y Valdés 2000a: II, 52-54). Consolidábase así o señorío desa rama dos Castro en Castroverde, onde se foron sucedendo na titularidade do mesmo varios irmáns e sobriños de dona Xoana, até que Alonso Niño, fillo da súa sobriña dona Isabel de Castro, optou por vender Castroverde aos Moscoso, integrándose así o señorío familiar de dona Xoana de Castro na Casa de Altamira que encabezaba a comezos do século XVI o seu bisneto don Lope Osorio de Moscoso (García Oro e Portela Silva 2007, García-Fernández 2018).

Entre os irmáns de dona Xoana (Pardo de Guevara y Valdés 2017: 427-433) convén citar aos dous varóns que señorearon Castroverde: García de Castro, que casou con dona Mencía de Guzmán, e Fernando de Castro, casado con dona Xoana de Bracamonte, quen sucedeu o seu irmán no señorío de Castroverde e foi quen o transmitiu posteriormente aos seus fillos. Entre as irmás de dona Xoana podemos sinalar a dona Leonor de Castro, casada con Pedro Bermúdez de Montaos, *o Vello*; dona Inés de Castro, casada en primeiras nupcias con Pedro de Bazán, señor de Valduerna, e posteriormente con Lope Sánchez de Ulloa¹², séndolle atribuído que “procuró bajar en Vasco López su entenado [fillastro, que estaba casado coa súa sobriña dona Inés de Moscoso, filla de dona Xoana], y fue fama que lo matara con ponçoña”; así como dona Isabel de Castro, que casou cun Alvar Pérez de Castro¹³ e que mercara a dona María, condesa de Valencia, o “Castro y Villa de Valdeorres y su alfoz y tierra” como consta en cartas de 1425 a favor de “dona Ysabel de Castro, fixa de don Alfon, prima del señor Duque don Fadrique, duque de Arjona, conde de Trastámara” para que tomara posesión deses bens (García Tato 1996: 208-216).

Como xa se insinuou, a memoria da pertenza de dona Xoana á liñaxe dos Castro quedou reflectida en diversos testemuños heráldicos

esculpidos en pedra e isto compróbase tanto nos relacionados directamente con ela como cos seus descendentes. Entre eses emblemas cómpre destacar non só os xa citados do castelo de Vimianzo (fig. 2), senón tamén os conservados na igrexa de San María da Atalaia de Laxe, aos que me referirei máis adiante (fig. 4). Ao mesmo tempo, en relación á conservación desta memoria liñaxística dos Castro nos sucesores de dona Xoana convén destacar o disposto por dona Urraca de Moscoso, filla de dona Xoana e Rodrigo de Moscoso, no seu testamento. Neste documento, outorgado en 1498, dona Urraca pediu ser enterrada na capela *que tengo* en Santo Domingo de Bonaval, cuxa advocación era de Santo Agostiño e Santo Isidro. Nela encargou que puxeran “en el arco de la dicha capilla un escudo de piedra con las armas de Villalobos e de Moscoso, e en los cabos del arco pongan las armas de Castro e de Guzman e en el otro cabo del arco otro escudete de piedra con las armas de Sotomayor” (García Oro e Portela Silva 2003: 98). Desta forma, dona Urraca non só gardaba memoria da liñaxe do seu marido, Pedro Osorio –os Villalobos–, senón tamén da propia –os Moscoso– e das liñas de pertenza transmitidas por vía feminina: o Soutomaior parece proceder da avoa de seu pai, dona Inés de Soutomaior –da que Rodrigo de Moscoso, pai de dona Urraca, herdou algúns bens como reconece no seu testamento, o que nos fixo descartar que a nai de Rodrigo fora dona Maior de Soutomaior, segunda muller de Roi Sánchez de Moscoso (García-Fernández, no prelo)– e as armas dos Castro e dos Guzmán, que procedían directamente da súa nai, tanto por liña paterna como materna.

Máis alá da liñaxe da que procedía, a memoria de dona Xoana e a súa activa participación na sociedade da época quedou ligada fundamentalmente á liñaxe dos Moscoso, familia coa que emparentou a raíz do seu

¹² Vasco de Aponte (1986: 166) sinala que Lope Sánchez de Ulloa “casó otra vez con Doña Inés de Castro (que también era de Lara y de Guzmán); y por esta Doña Inés creció mucho la casa de toda manera, así en renta como vassallos”, o que parece indicar, igual que no caso de dona Xoana respecto dos Moscoso, a importancia destas irmás no mercado matrimonial da Galicia do momento.

¹³ Fillas destas sería unha nova dona Xoana de Castro que casou con Xoán Pimentel, señor de Allariz e Milmanda. As súas capitulacións datan de 1447, sendo outorgadas polo conde de Benavente don Afonso Pimentel e “don Albar Perez de Castro e yo doña Ysabel de Castro, su muger” no Castro de Valdeorras cando ambos conxuxes eran menores de idade (AHNOB, *Osuna*, C. 516, D. 22), e o recibo do dote entregado a dona Xoana foi outorgado por don Xoán Pimentel en 1461, cando xa falecera “don Alvaro Peres de Castro, que Dios aya”, pero non “doña Ysabel de Castro, su muger” (AHNOB, *Osuna*, C. 516, D. 31).

matrimonio con Rodrigo de Moscoso¹⁴. Esta alianza matrimonial respondía aos intereses e proximidade entre as familias de ambos cónxuxes. De feito, Roi Sánchez de Moscoso, o sogro de dona Xoana, conseguiría en gran medida consolidar e mellorar a posición da súa liñaxe no concerto nobiliario galego do século XV grazas non só ao servizo e vínculo cos arcebispos composteláns –cos que os Moscoso mantiveron unhas complexas relacións ao longo de toda a centuria– senón tamén con don Fadrique, conde de Trastámara e curmán de dona Xoana (Galbán Malagón 2015: 15-22). Ademais de atopar os Moscoso na órbita do Duque de Arjona en diferentes fontes, podemos sinalar a modo de exemplo que en 1424 don Fadrique concedeu a Roi Sánchez a xurisdición de Barcala, entre outras propiedades (Pardo de Guevara y Valdés 2000a: II, 62). Reforzábase así a relación de axuda e reciprocidade entre o señor e os seus afíns. En todo caso, o dote concedido o 15 de setembro de 1425 por don Fadrique a “doña Juana, mi prima, fiya de don Alfonso de Castro, mi tío, que es absente, bien asy como sy fuese presente (...) porque case con Rodrigo de Moscoso, fiyo de Ruy Sanches de Moscoso, e para sy” (García Oro e Portela Silva 2003: 523-526) representa perfectamente a estreita relación existente entre os membros das dúas liñaxes.

Pouco sabemos sobre a relación e vida cotiá de dona Xoana co seu marido. Non é algo excepcional, xa que as fontes históricas tenden a silenciar o día a día, sobre todo cando este

se desenvolve sen grandes sobresaltos. Porén, neste caso os silencios parecen ser especialmente significativos. Rodrigo de Moscoso non resulta ser un personaxe especialmente ben documentado ante o protagonismo adquirido polo pai como cabeza dos Moscoso durante gran parte da vida de ambos¹⁵. En todo caso, os documentos conservados parecen indicar que Rodrigo de Moscoso colaborou activamente na consolidación e engrandecemento da liñaxe baixo a alongada sombra de seu pai Roi Sánchez de Moscoso, ao que, porén, só sobreviviu dous anos (de 1456 a 1458). Ademais, Rodrigo, que chegou a ser nomeado portegueiro maior de Santiago como o seu proxenitor, tería participado no ámbito cortesán, sendo unha figura próxima a don Álvaro de Luna, sen deixar de preocuparse polas xestións patrimoniais, o establecemento de sólidas alianzas matrimoniais para os seus fillos e o desenvolvemento dunha participación activa nas dinámicas socio-políticas da Galicia do seu tempo¹⁶.

Recentemente teñen sido localizadas e transcritas as últimas vontades de Rodrigo de Moscoso, o que nos permite ofrecer algúns datos sobre a relación entre el e dona Xoana (AHNOB, *Baena*, C. 238, D. 1, fols. 56r-64r, ed. García Fernández, no prelo). Nelas é posible percibir, como en moitos outros testamentos coetáneos, a importancia da colaboración conxugal dentro da parella nobre. De feito, Rodrigo de Moscoso, ademais de nomear a don Xoana como cumpridora testamentaria –clara mostra da confianza depositada nela–, deixoulle:

¹⁴ Sobre os Moscoso existen diversos traballos, aínda que até o momento carecemos dunha monografía de conxunto sobre esta Casa nobre. Entre as investigacións dispoñibles destacan as destinadas á reconstrución da xenealoxía dos Moscoso –Pardo de Guevara y Valdés 2000b, 2012: 376-390, entre outros traballos deste autor–, á edición de fontes –Vázquez 1994, García Oro e Portela Silva 2013, Galbán Malagón 2010–, ao estudo das súas fortalezas –Galbán Malagón 2011a– e vínculos con Compostela –Galbán Malagón 2015–, ou á análise dos homes e mulleres ligados á familia –Framiñán Santas e García González-Ledo 2004, Galbán Malagón 2011b–, entre outros. Por outra parte, é unha liñaxe que aparece de forma recorrente na historiografía centrada no estudo da Galiza baixomedieval e máis especificamente ao tratar sobre a nobreza –García Oro 1981: 181-211, Carrasco y Cifuentes 2016– e, por suposto, sobre a historia do arcebispado e a terra de Santiago.

¹⁵ Especificamente sobre Rodrigo de Moscoso véxanse algunhas breves ou apuradas sínteses en García Oro 1981: 187-190, García Oro e Portela Silva 2003: 25-27 e García-Fernández, no prelo.

¹⁶ Á marxe dos ben coñecidos enfrontamentos de 1458 con don Rodrigo de Luna, arcebispo de Compostela (López Ferreiro 1884: 28-40), en 1441, por exemplo, o monarca Xoán II escribiu a *Rodrigo de Moscoso, mi vasallo*, para pedirlle que desistira de axudar a Fernán Pérez de Andrade, quen se apoderara de “las villas de Pontedeume, Ferrol e Villalba, e de sus vasallos e fortalezas, las cuales son devueltas a mi Corona Real” (García Oro 1994: 216-217), igual que lle sería indicado outro tanto a seu pai na mesma data (Pardo de Guevara y Valdés 2000a: II: 73, docs. 57 e 59). Creo que é unha boa mostra dese protagonismo activo de Rodrigo, ademais de evidenciar a alianza entre os Andrade e os Moscoso que se concretou en varias ocasións en enlaces matrimoniais que explican, así mesmo, a convivencia de emblemas heráldicos de ambas casas en dous sepulcros femininos de Santo Domingo de Bonaval de Santiago atribuídos, grazas ás indicacións heráldicas de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, a dona Constanza de Moscoso e dona María de Moscoso (Cendón Fernández 2012: 93). Noutro tempo, porén, un deles chegou a ser atribuído a dona Xoana de Castro por algúns autores (Caamaño Martínez 1962: 200, Núñez Rodríguez 1985: 147).

a miña parte das compras que eu con ela fije hen súa vida he, a súa morte, que fiquen hao dito meu fillo Vernaldo Yañes. Heten mando máys a dita mina muller dona Juana has minas cassas do Campo da ciudad de Santiago hen sua vida he, ha súa morte, *que* fiquen ao dito meu fillo Álvaro Pérez, con os houtros vens que lle eu mando. Heten mando máis *que* ha dita dona Juana, mina moller, sea tutora e guardadora dos vens e rendas de los *que* eu mando a Lopo Sánchez, meu neto, hasta que ho dito Lopo Sánchez seja de ydade. He mando *que* o poña clérigo. (fols. 62r-62v)

Así mesmo, resulta interesante destacar unha cláusula máis do testamento de Rodrigo de Moscoso. Refirome a aquela pola que pediu ao seu fillo e herdeiro universal, Bernal Eanes de Moscoso, que respectara o conxunto de legados que lles deixaba aos seus outros descendentes “con esta condición: que os outros meu[s] fillos se partan e quiten de toda ha erença que lles pertencee por parte e herença de súa madre doña Juana a punto de seu finamento, e que a leijen libre, quita e desenvargada hao dito Bernaldo Yanes, meu fillo”. Como cabeza da liñaxe, Rodrigo trataba de organizar todo o relacionado coa transmisión do patrimonio familiar –tamén o conxugal– de cara a garantir e incluso mellorar a reprodución social e económica do grupo. Neste sentido debe ser interpretada a condición que trata de impoñer aos seus outros fillos, pola cal estes non quedarían desherdados ao recibir uns importantes legados paternos que se preocupa por detallar no testamento, pero apostariase por reforzar unha transmisión patrimonial desigualitaria a favor do fillo varón de maior idade, ao concederlle non só o groso dos seus bens senón tamén a herdanza materna correspondente a dona Xoana de Castro, que, como se verá, construíra a fortalecer e consolidar a posición socio-económica dos Moscoso.

Os fillos de dona Xoana foron, como xa indicamos, Bernal Eanes de Moscoso, Álvaro

Pérez de Moscoso, dona Inés de Moscoso e dona Urraca de Moscoso. Precisamente, Aponte (1986: 174) sinala que:

Quedaron dél [Rodrigo de Moscoso] e de Doña Juana de Castro de Lara y de Guzmán por hijos Benal Diáñez, y Alvaro Pérez, y Doña Inés, y Doña Urraca, y todos quatro mandaban la casa (cada uno dellos apartado con su tenencia) aunque a Bernal Diáñez, hijo mayor, todos le obedecían.

De todos estes fillos, o máis coñecido pola historiografía é Bernal Eanes de Moscoso, “cavallero muy bravo y muy esforçado y muy discreto”, quen protagonizou destacados enfrontamentos cos arcebispos composteláns don Rodrigo de Luna e don Alonso de Fonseca II, ao que chegou a apresiar en Noia, levándoo para Vimianzo¹⁷. Bernal Eanes casou con dona Xoana de Luna, irmá de arcebispo don Rodrigo, mais non deixou descendencia¹⁸. Por iso, despois do seu falecemento como consecuencia de recibir unha frecha *entre la garganta y el hombro* no marco da súas loitas contra o bando arcebispal ao que tiña cercado na catedral de Santiago, sucedeuno o seu irmán Álvaro Pérez de Moscoso, quen, tras outorgar testamento a comezos do mesmo mes de outubro de 1467 no que testou a súa nai dona Xoana (Galbán Malagón 2010: 46-49), tamén faleceu sen fillo lexítimo que o sucedese. De feito, Aponte (1986: 177) di del que *no hiço façañas*, salvo unha e *las otras no son dignas de escribir* e que *duró poco*. O caso é que no seu testamento, ademais de outorgar algúns legados á súa nai, nunha ocasión fai referencia a ela para pedirlle, tras establecer unhas mandas, que “por merced a miña madre que lle non pase a elo”, o que parece ser boa mostra non só da proximidade entre a nai e o fillo senón do coñecemento por parte de Álvaro do carácter e actitude decidida da súa nai que podería levala a inmiscirse no disposto nas súas últimas vontades (Galbán Malagón 2010: 48).

¹⁷ Estas disputas aparecen recollidas en diferentes documentos e crónicas, de aí que tamén a historiografía actual lle teña dedicado bastante atención. Véxanse, entre outras fontes e estudos: Aponte 1986: 174-176, Souto Cabo 2001: 57-58, López Ferreiro 1896: 37-49, López Ferreiro 1904: 223-234, 249-256, García Oro 1981: 191-194, Lema Suárez e Mouzo Lavandeira 1998: 18-21, García Oro 1999: 113-127, Pardo de Guevara y Valdés 2000a: I, 343-365, García Oro e Portela Silva 2003: 29-32, Portela, Pallares e Sánchez 2004: 73-80, 89-112; Carrasco y Cifuentes 2016: 689-702.

¹⁸ Ambos cónxuxes son recordados no testamento do irmán e sucesor Álvaro Pérez, quen solicitou ao seu cumpridor que “demande a Lopo Peres de Mesya noventa mill pares de blancas de que hera obrigado, e eu cargo, ao dito mev yrmano Vernaldo Eanes, e os destribuya en obras de piedade por la sua alma e de sua moller, que foy dona Juana de Luna” (Galbán Malagón 2010: 48).

Tras a morte dos fillos varóns de dona Xoana e Rodrigo, a xefatura da casa dos Moscoso pasou a Lope Sánchez, que se convertería no I conde de Altamira¹⁹. Este era fillo de dona Inés de Moscoso, xa falecida con anterioridade a febreiro de 1458²⁰, e de Vasco López de Ulloa, cuxas capitulacións matrimoniais foran outorgadas o 28 de maio de 1448 por “Lope Sanchez de Ulloa e Rodrigo de Moscoso, vasallos de noso señor el Rey”, pais dos cónxuxes, en Compostela “dentro das casas de morada do dito Ruy Sanchez de Mocosos” (García Oro e Portela Silva 2003: 527-529)²¹. Ante a prematura morte de Vasco López de Ulloa –segundo os rumores asasinado pola súa madrastra, dona Inés de Castro, como xa foi referido–, Aponte di que levaron a Lope “a Castilla y lo puso en poder de la Condesa de Rivadavia y del Adelantado de Galicia, que era el conde su marido”, de onde retornaría, segundo o Cronista, grazas aos “hidalgos de la casa de Moscoso” que “alçáronlo por señor” (1986: 179). En todo caso, parece que a propia dona Xoana tivo un papel destacado na infancia do seu neto ao asumir a súa titoría, tal e como dispuxo Rodrigo de Moscoso no seu testamento: “mando máis que ha dita dona Juana, mina moller, sea tutora e guardadora dos vens e rendas de los que eu mando a Lopo Sánchez, meu neto, hasta que ho dito Lopo Sánchez seja de ydade” (García-Fernández, no prelo). De feito, o monarca Henrique IV confirmaría en 1460 esta titoría tras serlle feita relación por parte de dona Xoana de que Vasco López de Ulloa nomeara por titores do seu fillo a Afonso de Mendoza e a Rodrigo de Moscoso, pero o primeiro morrera

antes de aceptar a titoría e o seu marido falecera en 1458, encargándolle a ela exercer ese papel –como se comproba na cláusula testamentaria arriba indicada–, o cal tería pasado a desempeñar tal e como lle autorizaran “los jueces de los huérfanos de la Yglesia he Arçobispado de Santiago”²².

Finalmente, cómpre ter en conta a segunda filla de dona Xoana: dona Urraca de Moscoso²³. Esta casou en primeiras nupcias con Lope Pérez de Mendoza, do que non tivo descendencia, e, en segundas, con Pedro Osorio, co cal tivo, entre outros fillos, a Rodrigo Osorio de Moscoso, quen se converteu no II conde de Altamira ao suceder o seu curmán Lope Sánchez (García Oro e Portela Silva 2003: 49-52).

Tras esta aproximación á esfera familiar de dona Xoana de Castro resulta evidente que estamos ante unha muller ben situada socialmente no marco dunhas relacións familiares protagonizadas por destacados homes e mulleres do século XV galego.

3. Patrimonio e poder: das bases materiais á presenza pública

Dona Xoana de Castro non só foi unha muller ben emparentada e magnificamente situada no seo da pirámide nobiliaria galega. En estreita relación con iso, tamén cómpre sinalar que desfrutou dunhas sólidas bases materiais sobre as que sustentar esa posición de preeminencia social e económica. As súas últimas vontades son un bo reflexo disto.

De todos modos, a través dos testamentos medievais non é posible ofrecer un retrato

¹⁹ En 1467 Álvaro Pérez de Moscoso nomeouno herdeiro universal: “leyxo por mev herdeyro vniversal (...) a meu sobryño Lopo Sanches de Moscoso, fillo de miña yrmana dona Ynes. E falleçendo o dito seu sobryño, sen ficar del fillo ou filla legitimo, e siendo vyba miña yrmana dona Orraca, mando que soçeda esta herança en ela” (Galbán Malagón 2010: 48). Para a súa xefatura sobre a casa de Altamira, véxase García Oro e Portela Silva 2003: 33-47, e, como receptor do título vizcondal de Fisterra, Framiñán Santas 2004.

²⁰ O 1 de febreiro Rodrigo de Moscoso outorgou testamento e nel xa se aprecia que dona Inés falecera, de aí que cobre certo protagonismo Lope Sánchez xunto aos seus tíos maternos (AHNOB, *Baena*, C. 238, D. 1, fols. 56r-64r).

²¹ A pesar de que ás veces se insiste en que nas crónicas e nobiliarios baixomedievais as mulleres e liñas maternas perden protagonismo, cómpre sinalar que Vasco de Aponte (1986: 130) non deixa de identificar nunha pasaxe dona Inés de Moscoso, da que omite o nome nese momento, como *hija de Ruy de Moscoso y de doña Juana de Castro* –de ambos, pois– cando fai referencia ao seu matrimonio con Vasco. Talvez isto se explique tamén pola propia relevancia social que neste caso chegou a adquirir a nai de dona Inés, dona Xoana de Castro.

²² AHNOB, *Baena*, C. 238, D. 1, fols. 70r-85r. Entre os papeis que constan nos inventarios de escrituras da Casa de Moscoso no século XVI aparecen precisamente unha “carta de posesyon de Doña Joana de Castro sobre la tutela de Lope Sanches su nieto”, unha “carta de syguero para Doña Joana de Castro sobre la tutela de Lope Sanches su nieto”, así como “una carta de comisiona al comendador de Banba para que bea çierto debate que avia entre Doña Joana de Castro y Lope Sanches de Olloa sobre la tutela de Lope Sanches de Olloa, nieto dellos” (García Oro e Portela Silva 2003: 499).

²³ Sobre esta muller véxase, por exemplo, Calderón 2007 e Eiroa García 2013: 40-46.

completo do patrimonio posuído ou usufrutuado polos testadores ao longo da súa vida. Isto tamén sucede no caso das últimas vontades de dona Xoana. Máis alá do que nos din os legados piadosos ou os outorgados a favor de distintos homes e mulleres da súa contorna, gran parte dos patrimónios dos testadores medievais queda oculta baixo a utilización de fórmulas xenéricas no relativo ao nomeamento de herdeiros segundo o dereito sucesorio vixente. No caso de dona Xoana convén sinalar que nomea por herdeiro o seu fillo Álvaro Pérez “en todos los otros meus vens móveles e raíces, e señoríos, he rentas, he direyturas, he foros de presentazón” que lle quedaran despois de que foran cumpridas as súas disposicións testamentarias. De todos modos, tanto este como outros testamentos son fontes de grande interese para ter en conta, se non os patrimónios nobiliarios desde un punto de vista cuantitativo, si desde unha perspectiva cualitativa. O primeiro a destacar, xa a partir da propia expresión formular sinalada, é a heteroxeneidade de elementos que conformaban estes patrimónios aristocráticos: bens mobles e inmobles, rendas –en diñeiro ou en especie–, dereitos de diverso tipo, o usufruto de certos bens conseguidos mediante foros ou arrendamentos... e, por suposto, tamén habería que ter en conta, en maior ou menor medida, a dispoñibilidade de diñeiro no momento de morrer, moi difícil de coñecer pero cuxo déficit podería dar lugar a procesos de vendas de bens en almoedas para conseguir, dese modo, satisfacer o pago das cantidades monetarias dispostas no testamento e os custos derivados do enterramento.

Dona Xoana de Castro aparece no seu testamento, en primeiro lugar, como propietaria de casas, por exemplo, da casa de Riba, no porto de Corcubión, que legou a un sobriño ou daquelas outras das que di que “me derrivaron hos yrmaos”, é dicir, os irmandiños, sen esquecer a casa de Tendín que tería dado xa anteriormente a Vasco Gómez. Tamén figura como propietaria de roupa de cama de calidade, como a colcha de Flandes que legou ao seu neto Lope Sánchez. Tamén gozaba dona Xoana do señorío de Corcubión²⁴ e do porto de Laxe e de

varias freguesías, procedentes, en boa medida, dos bens recibidos de parte do seu curmán don Fadrique, duque de Arjona, con motivo do seu casamento con Rodrigo de Moscoso. Entre os foros só refire un do mosteiro de San Martiño de Canduas que tiña do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago polo que debía pagar dous mil pares de brancas anuais²⁵. Tamén parece posuír diferentes propiedades dispersas polo noroeste galego, rendas en especie –de aí que poida outorgar legados como o dado a Xácome López e á súa muller Sancha Botana consistente en catro oitavas de pan– e gando. En relación a este convén destacar a referencia á “mina mula en que eu ando, *que* foy de Rroy Seara”, que aínda parecía estar pendente de pago. Esta alusión parece confirmar a utilización por parte das mulleres –e tamén de membros do sector eclesiástico– das mulas como animal de transporte preferente. Finalmente, deben ser mencionados –dentro das lóxicas patrimoniais aristocráticas– a abundancia de préstamos. Neste caso en particular faise referencia a un *en dineiros* por parte de Xoán Tato de Baio e García do Rial, a outro dunha *taza* dun marco de prata, emprestada por Fernán de Bouza e a súa muller Sancha Fernández, e incluso a un dun arnés que debería ser pagado a Teresa Fernández.

Pero non só os testamentos persoais son os que informan sobre o patrimonio dun determinado home ou muller. Explorar as últimas vontades das xentes da súa contorna máis próxima resulta de interese, especialmente cando se trata de testamentos de familiares directos. No caso de dona Xoana, cómpre destacar en primeiro lugar o seu xa referido papel no testamento do seu marido Rodrigo de Moscoso (García-Fernández, no prelo). Nese documento, outorgado en febreiro de 1458, vimos que dona Xoana recibira para o seu usufruto vitalicio non só a parte que lle correspondía a Rodrigo nunhas indeterminadas compras que terían realizado conxuntamente durante o matrimonio, senón tamén as casas do Campo, que para Galbán Malagón (2015: 23) serían o principal enclave dos Moscoso dentro da cidade de Santiago ao longo do século XV.

²³ Nos inventarios de escrituras da Casa de Altamira do século XVI faise referencia a “una carta de posesión dada por el Rey Don Enrique a Doña Joana de Castro del puerto e lugar de Corcobion” (García Oro e Portela Silva 2003: 481).

²⁴ No testamento aparece citado como San Martiño de *Canues*, pero non parece ser outro que San Martiño de Canduas, mosteiro de monxas bieitas que foi anexionado a San Martiño Pinario en 1438 por decisión arcebispa (Lucas Álvarez 2003: 65).

Tamén no testamento do seu fillo Álvaro Pérez de Castro aparecen referencias a dona Xoana (Galbán Malagón 2010: 46-49). De feito, legoulle “a miña señora madre dona Juana, en sua vida, o Val de Varzea con todo o señorío” e o que lle correspondía no dito Val da Barcia. Tamén convén destacar a disposición pola que “desenvargo a mina señora madre, dona Juana de Castro, e a miña yrmaa, dona Orraca, e a todos los ovtros criados de meu yrmao Vernaldo Eanes todas las covsas que ena manda do dito mev yrmao se conten que les mandou”. É unha mostra máis de que dona Xoana vería enriquecido o seu patrimonio –ben en plena propiedade, ben para o seu usufruto vitalicio– a partir do disposto nas últimas vontades dos seus familiares, a pesar de que neste último caso non se concretan os bens e incluso non parece claro que dona Xoana chegara a controlar o que lle legara o seu fillo Bernal inmediatamente despois da morte deste.

Más alá dos testamentos, para profundar no coñecemento de patrimonios nobiliarios medievais como o de dona Xoana é necesario consultar outras fontes documentais. Para este caso, convén citar unha vez máis a carta de dote outorgada por don Fadrique, duque de Arjona, á súa curmá dona Xoana para o seu matrimonio con Rodrigo de Moscoso en 1425, na que tamén figuran como testemuñas “Alvaro e García de Castro, primos del dicho señor duque” (García Oro e Portela Silva 2003: 523-526). Ademais de simbolizar a alianza entre as dúas familias, o dote implicaba un importante transvase de propiedades a favor da noiva –“quiero que aya la dicha doña Juana, mi prima, por dote e por nonbre de dote”– e, por extensión, da nova unidade conxugal, xa que a xestión dos bens transferidos moitas veces era capitaneada polo marido en canto *pater familias*. Nesa carta de dote, o Duque comprometéase a darlle a dona Xoana “tres mill florines de oro del cuño de Aragon de justo peso, allende los quinze mill maravedis que yo el dicho duque di e traspase en el dicho Rodrigo (...). E otrosi allende los seys mill maravedis que yo do e traspaso en la dicha doña Juana porque case”. Ademais, como garante do dote hipotecou os lugares de:

Sant Johan de Borior e Santa Maria de Bayo e Sant Martin de Baamir, e el lugar de Santa Maria de Salto e Sant Miguel de Treos, e el lugar de Sant Viçenço de Bimiarço e el lugar de Sant Johan de Cabeda e el lugar de Sant Martyn de Castello e el lugar de Santa Maria de Sarantes e el lugar de Sant Savastiano de Sarrameo e el lugar de Sant Estevan de Lires e el lugar de San Giau de Pereyrino²⁶. (García Oro e Portela Silva 2003: 524)

Tal e como sinala Pardo de Guevara (2000a: I, 266), ao tardar en facerse efectivas ditas cantidades –como sucedía con moitos dos dotes acordados pero non entregados– don Fadrique comprometeuse en 1429 a entregarlles as fortalezas de Vimianzo e Broño en caso de non pagar o acordado, o que efectivamente debeu suceder xa que, en 1433, os Moscoso mercaron aos Mariño todos os dereitos que poderían ter sobre as ditas fortalezas²⁷. Consequían, así, incorporar estes bens ao seu patrimonio despois de que xa en 1411 Rodrigo Sánchez de Moscoso, o sogro de dona Xoana, lle fixera *pleito e omenage* a don Fadrique, quen lle encomendou

tener por el dicho señor Conde las cassas fuertes (...) e de acoger en ella y en cada una de ellas a nuestro Señor el Rey de Castilla (...) e otro sí de acoger a las dichas cassas y en cada una de ellas al dicho señor duque (...), con pocos o muchos, de noche o de día, cda y quando que é a ellas llegare, e de facer guerra desde cada una de dichas cassas, o paz, por su mandado. (Pardo de Guevara y Valdés 2000a: I, 265)

En todo caso, o matrimonio entre dona Xoana e Rodrigo de Moscoso explica a integración deste importante patrimonio na liñaxe dos Moscoso, de aí que, como xa se dixo, Rodrigo tratara de transmitir o groso da herdanza materna ao mesmo fillo ao que beneficiou máis no seu testamento como sucesor na cabeza da familia. Este transvase de bens a prol dos Moscoso, ademais de verse reflectido nos xa referidos escudos do lintel que dá acceso ao patio interior do castelo de Vimianzo (fig. 2), tamén aparece recollido en varias alusións documentais rexistradas nuns inventarios de escrituras da Casa de Altamira realizados a comezos do século XVI, nos que figuran algúns instrumentos hoxe perdidos

²⁶ Salvo as dúas últimas que pertencerían a Nemancos, as outras estarían situadas na Terra de Soneira, como sinalan Lema Suárez e Mouzo Lavandeira 1998: 17.

²⁷ Don Fadrique adquirira estas fortalezas no marco dunha serie de disputas cos Mariño, como se recolle en Pardo de Guevara 2000a: I, 261-265.

ou pendentes de ser atopados e divulgados²⁸. Tamén cónven recordar que cando Vasco de Aponte fala sobre o patrimonio que conseguira Roi Sánchez de Moscoso como señor da Casa de Moscoso afirma, moi acertadamente, que

todo esto ubo uno por compra, y otro por mandas, y otro por foros, y otro por casamiento de su hijo Ruy de Moscoso con doña Juana de Castro, que lo más dello ya lo tenía tomado a Payo Mariño de Lobera, y después lo seguró por el casamiento ya dicho. (Aponte 1986: 172)

Finalmente, cómpre advertir que algúns outros documentos aportan noticias fragmentarias de propiedades inmobles –agros e leiras– de dona Xoana de Castro (García Oro e Portela Silva 2003: 271-273)²⁹.

Máis alá de quedar reflectidos os dereitos de propiedade de dona Xoana, na documentación tamén se pode observar con claridade o papel activo e protagonista desta aristócrata en diversas xestións relacionadas coa administración da casa nobre e o fortalecemento do seu patrimonio nos territorios sobre os que exercía o seu señorío. De feito, sobre ese protagonismo activo o citado Vasco de Aponte (1986: 173-174) advirte que “Ruy de Moscoso casó con doña Juana de Castro; danose de San Lázaro, y Ruy Sánchez y Doña Juana regían e gobernaban”. Entre os documentos que evidencian esta actitude activa de dona Xoana no seo da Casa dos Moscoso podemos destacar a confirmación que fixo do repartimento e cobro de determinada cantidade

de marabedís que debía pagar a *provincia* de Vimianzo en 1458 ou o recoñecemento que “eu, dona Juana de Castro, mujer de meu señor Rodrigo de Moscoso, cuja alma [Deus] aja” fixo e asinou respecto á recepción das alcabalas dos portos e lugares de Cee e Fisterra o 8 de abril de 1461 estando en Folgoso (Galbán Malagón 2010: 43-45)³⁰.

A pesar de todo o dito, que reflicte perfectamente a importancia de dona Xoana dentro da súa familia e da sociedade do momento, posiblemente o momento clave da súa proxección pública foi o relacionado cos enfrontamentos entre os Moscoso e os arcebispos composteláns don Rodrigo de Luna e don Alonso de Fonseca II (López Ferreiro 1904: 223-224, Pallares e Portela 2002: 91-99, 108; García-Fernández 2013: 371-372, Fernández Abella 2014: 229-230, Carrasco y Cifuentes 2016: 519-531, 649-650). Viúva desde mediados de 1458, dona Xoana de Castro aparece xunto aos seus fillos Bernal Eanes e Álvaro Pérez de Moscoso nos levantamento antiarcebispais que xa iniciara o seu marido Rodrigo de Moscoso (López Ferreiro 1884: 28-40). O insigne historiador Antonio López Ferreiro (1884: 44) refírese –non sen mostrar importantes prexuízos– á “actitude de Doña Juana de Castro, que con más tesón y empeño del que convenía á una dama, quiso seguir sosteniendo con el Arzobispo la contienda” e, noutra ocasión, o mesmo López Ferreiro (1904: 223) cualifica dona Xoana como “noble y altiva señora”³¹. Desde o noso punto de vista,

²⁸ Por exemplo, un “treslado autorizado de la donación que hizo el Duque de Arjona Don Fadrique a Doña Joana de Castro, su prima, de la casa y provincia de Bimienço”, “una carta como Doña Joana reçebio posesyon de Bimiançu. Yten otra como Rodrigo de Moscoso tomo posesyon de Bymiançu por Doña Joana su muger (...) Yten una carta de poder dada por Doña Joana a Alvaro Ramos para que reçebiese la casa de Bimianço de Ruy Sanches e le quitaba qualquier pleito omenaje que el oviese hecho al Duque don Fadrique”, “unas pesquisas escritas en pargamino de Bimianço con escomunion que en tiempo de Doña Juana” ou un “treslado autorizado de merçed e donación que hizo el Duque d’Arjona a mi señora Doña Juana de Castro de la casa de Vimianço con su provincia e juzgado de Lemancos” (García Oro e Portela Silva 2003: 477-520).

²⁹ Incluso na documentación consultada aparece unha mención indirecta a unha “merçed que hizo el Rey Don Enrique a la señora Doña Joana de Castro de cierto juro” (García Oro e Portela Silva 2003: 491).

³⁰ No testamento do seu neto Lope Sánchez de Moscoso, de 1500, alúdese tamén a que “si mi primo Estevan de Junqueras mostrare alguna alvala firmada de mi nombre o de mi señora doña Juana o de mi señor Bernaldianes que se entienda que son pagas”, así como a “unas debdas que de mi señora doña Juana y mi señor Bernaldianes les debían”, o que, de forma indirecta, mostra esa plena participación de dona Xoana nas xestións administrativas da Casa (García Oro e Portela 2003: 112). Tamén se documentan referencias a outras escrituras nas que resulta evidente o papel activo de dona Xoana como unha “autoridad dada a un contra de Gonçalo Viejo a pedymiento de la señora Doña Joana de Castro”, un “fuero que fezo Doña Juana de Castro a Juan de Senrra”, “una venta que hizo Alvaro Martinez de Tova a Doña Juana del casal de Tova ques en el puerto de Corbobion”, un “otorgamiento que hizo Ynes Rodrigues de la venta que hiziera su hijo a Doña Juana de las heredades de Bimianço” ou unhas “notas de escrituras de pesquisas de heredades e donaciones y de conpras que toca a Doña Juana” (*Ibid.* 493, 507, 513).

³¹ Tamén chama a atención a cualificación de “doña Juana como maestra de intrigas” recollida en García Oro e Portela Silva 2003: 30, que, sen dúbida, deriva da consideración historiográfica de ter apostado esta muller pola transgresión –¿excepcional ou non tanto na Idade Media?– dos roles de xénero atribuídos tradicionalmente ás mulleres medievais.

a súa condición de viúva, unida ao feito de ser nai dos herdeiros a suceder o pai na cabeza da liñaxe dos Moscoso, parece ser o que explica en boa medida esa presenza e activismo de dona Xoana que, máis alá dos silencios relativos á súa etapa como muller casada, se mostra como unha muller “relevante e influínte da Baixa Idade Media galega”³².

En todo caso, entre os primeiros episodios de tensión entre os Moscoso e os arcebispos composteláns nos que se viu involucrada dona Xoana cómpre citar o ataque perpetrado polas tropas arcebispais contra a vila de Corcubión na que estaba dona Xoana cando aínda vivía o seu marido Rodrigo de Moscoso (Galbán Malagón 2011b: 246, 2011c: 164-166). A sentenza foi ditada en 1459 (García Oro e Portela Silva 2003: 536-545) e grazas a ela coñecemos os detalles sobre o acontecido. De feito, alúdese a “una carta de comision dada por el Rey don Enrique nuestro señor a la dicha dona Juana de Castro e a los vesinos e moradores en el puerto e lugar de Corcovion”, para depurar responsabilidades ante uns sucesos que se narran, moi expresivamente, do seguinte modo:

Una noche del mes de jullio del año pasado de mill e quatroçientos e çinquenta e syete años, estando la dicha doña Juana en el logar e puerto de Corcobion, salva e segura, non fasiendo nin disiendo por que daño ni desonor alguno de reçeibir oviese, e estando sobre la tregua e seguro puesta por el dicho señor Rey, los sobredichos de suso dichos e declarados e otros muchos con ellos, armados de diversas armas, fabla fecha e consejo avido e de un acuerdo e consejo venieron en quatorse o quinse navios e pinaças al dicho logar de Corcobion e propuesto el themor de Dios e del señor Rey e de su justiaça que sadieran de los dichos navios en que yvan e entraran en el dicho logar poderosamente e por fuerça de armas e contra voluntad de la dicha dona Juana e de los vesinos e moradores del dicho logar, entraran en el e lo posieran a saco mano e robaron quanto en el fallaron, asy de dineros como oro e plata e paños e ropa de

cama e axuares de casa, asy lo que fallaron en la posada de la dicha dona Juana como en todas las otras casas del dicho lugar, e ligaron muchos omes e mataron a Gomes de Rioboo, criado del dicho Rodrigo de Moscoso. E eso mismo dixo que vitoperiorsamente injurian a la dicha dona Juana seyendo duena de honor e de noble linagee e muger de ome muy honrado, cavallero de gran estado, la ynjuriaran vitoperiosamente disendolle e llamandole muchas feas e desonestas palabras, las quales en ella ni en su persona no avian, e eso mismo robandole e tomandole todo lo que consigo tenia. Esomismo la avian injuriado en aver entrado como entraron por fuerça en el dicho su logar de Corcobion e la robar e lo poner a sacao mano. (García Oro e Portela Silva 2003: 538-539)

Aínda así, o maior protagonismo público –e documental– de dona Xoana no marco das disputas entre os Moscoso e os arcebispos tiivo que ver co conflito que ela e os seus fillos mantiveron con Rodrigo de Luna³³. De feito, a



Figura 3. Doña Xoana de Castro, debuxo de David Sánchez (<http://www.rochaforte.info/>)

³² Así aparece definida, ao meu entender moi acertadamente, na páxina web <http://www.rochaforte.info/> [última consulta: 01/10/2018], derivada do proxecto de difusión e posta en valor do xacemento da Rocha Forte. De feito, a figura de dona Xoana aparece seleccionada como unha das “persoas que influíron na historia da fortaleza” e incluso recreada nun debuxo de David Sánchez, co que se lle dá visibilidade e difusión a un protagonismo feminino esquecido até non hai moito (fig. 3).

³³ Este levantamento contra o arcebispo don Rodrigo de Luna aparece recollido en textos cronísticos como a *Crónica anónima de Enrique IV de Castilla* (Sánchez-Parra 1991: 89, cap. XLV), na que se fai referencia aos cabaleiros rebeldes “Fernando de Andrada, e Suero Gomez de Sotomayor, e Lope Sanchez de Ulloa, e Bernal Diañez, e muchos otros sus parientes e amigos”, pero certamente non a dona Xoana.

plena participación de dona Xoana figura reiteradamente na documentación. Así, no chamado “manifesto de Antealtares” (García Oro 1999: 113-115) consta que os protagonistas do acordo establecido o 7 de xuño de 1458 foron:

Por ende nos Bernald Yanes de Moscoso e Pero Vermudes de Montaos e Suero Gomes de Sotomayor e Lopo Peres de Moscoso, vasallo del Rey nuestro señor, cavalleros de su real casa, e doña Joana de Castro, mujer de Rodrigo de Moscoso, cuya anima Dios aya, juntos en un ser e querer con los conçejos, alcalldes, regidores e jueeses, ofiçiales e onbres buenos de la çibdade de Santiago e villas de Noya et Muros. (García Oro e Portela Silva 2003: 529)

En todo momento, dona Xoana figura en pé de igualdade co resto de membros da irmandade pactada en Antealtares: “los sobredichos cavalleros e sennora”. E todos,

los dichos cavalleros e sennora fasemos por nuestras personas juramento a las palabras de los santos avangelios onde quiera que estan e a este signal de crus † e a las virtudes de la ara de San Paio que con nuestras manos derechas tocamos e tenemos, e por mas firmeça e convalidaçion fasemos pleito e omenagee en manos de Gregorio Lopes Prego, alcalldes desta çibdade de Santiago, de tener, gardar e conprir todo lo contenido en estos capitulos e en cada uno dellos. (García Oro e Portela Silva 2003: 535)

En 1459 o monarca Henrique IV outorgaría unha provisión para que “doña Juana de Castro y su hijo entreguen al arzobispo don Rodrigo la Rocha Blanca, Barrojeros e Bienquerencia que en la guerra le tomaron” (Galbán Malagón 2011b: 239, n. 15)³⁴. Tamén no marco das negociacións dun armisticio de seis meses entre os sublevados e o Arcebispo aparecen referencias á participación de dona Xoana (López Ferreiro 1884: 72-81), de aí que se fale da “parte del Sr. Conde de Trastámara e de doña Juana de Castro e de los caballeros Bernaldianes e Suero Gomes e Lope Peres de Mososo et á los conçejos de la cibdad de Santiago e villas de

Noya e Muros et vesinos e moradores dellas” ou do “Sr. Conde et señora et caballeros et conçejos de la una parte”. De feito, a propia dona Xoana xuraría o acordado un día antes que o seu fillo Bernal:

Dentro en la dicha cibdad et en la iglesia de Santiago delantel altar mayor de Santiago la señora doña Juana de Castro seyéndole leydos delante todos los dichos capítulos por mí el dicho escriuano (...) fiso juramento en forma deuvida et dixo que juraua a Dios et a Santa María et a las palabras de los santos Euangelios do quier que estan et a vna señal de crus en que puso su mano dicha corporalmente de tener et guardar et conplir et mantener todo lo contiudo en los dichos capitulos. (López Ferreiro 1884: 79-80)

Ademais de apoiar os fillos, dona Xoana parece ter pasado a se converter, como non poucas mulleres da aristocracia medieval, en mediadora e potencial axente da paz. Así se podería entender o seu papel como encargada de tratar de igualar o seu fillo Bernal con Rodrigo de Luna no marco destes enfrontamentos. Do 14 de outubro de 1459 data unha carta de poder de Bernal Eanes a favor da súa nai dona Xoana para chegar a un acordo co Arcebispo, podendo dar seguridades e xuramentos (Galbán Malagón 2011a: 384, 2011b: 239). Xa con anterioridade, nas proposicións de armisticio ao Arcebispo, este outorgara un poder ao seu contador Xoán Siso e ao mestrescola Francisco Rodríguez de Toledo para tratar cos rebeldes, entre os que cita, sempre en primeiro lugar, dona Xoana: “para que podades tratar, concordar et igualar con los dichos doña Juana de Castro et Bernald Yanes et Alvaro Peres, sus hijos” e os demais (López Ferreiro 1904: 233, Apéndices 120-123). Talvez se tiña en mente a capacidade negociadora desta muller, de aí que sempre figure en primeiro termo nese documento?

Pero, foi dona Xoana un caso único no que se refire á presenza e protagonismo das mulleres da aristocracia galega nos espazos públicos e no exercicio do poder? Por suposto que non³⁵. Deteñámonos un momento para prestar

³⁴ Entre outras cartas deste monarca a dona Xoana pódense citar, ademais dalgunha xa nomeada, “unas cartas de seguro del Rey Don Enrique para la señora Doña Juana de Castro de los cavalleros de Gallizia” (García Oro e Portela Silva 2003: 496). Respecto ao castelo de Benquerencia, aparece nos inventarios de escrituras dos Moscoso do século XVI “un requerimiento que hizo Juan Padilla, gobernador de Gallizia, a Doña Juana de Castro y su hijo Bernaldiaynes que descercasen el castillo de Benquerencia” (*Ibid.* 499).

³⁵ Algunhas consideracións para a Galicia baixomedieval en García-Fernández 2017: 185-189.

atención a quen tivo un papel similar dentro da cidade de Santiago pero no bando contrario. No relato da viaxe que levou León de Rosmithal a pisar terras galegas en 1466 faise referencia a outra destacada muller na Compostela do momento: dona Catalina de Fonseca, nai do arcebispo Alonso de Fonseca II (Garrido 1994: 38-39). Apresado este último por Bernal Eanes de Moscoso, “a sua nai e o seu irmán, coas portas pechadas, resistían o asedio” na catedral compostelá por parte do bando opositor, encabezado polo citado Bernal. Precisamente, este aceptaría que o viaxeiro entrase na Catedral, mais advertiuno de que “é dubidoso que te deixen saír, porque está no templo unha muller pérfida, nai do arcebispo, moi diferente del, que non ten cabo dela ningún home honrado nin coidadoso da súa fama”. Mais o relato conclúe que o motivo destas duras palabras contra dona Catalina de Fonseca sería que “a nai do arcebispo había acusalo por rebelarse, violando a lei contra aquel a quen debía estar sometido, ocupando a cidade e tomándolle moitos castelos”.

Efectivamente, León de Rosmithal foi recibido por dona Catalina “con outro seu fillo e mostrouse contenta de que chegasen salvos (...), acusando ó que apresara ó seu fillo e expugnaba aquel famoso lugar querendo destruír as sagradas reliquias que se gardaban nel”. Aínda que dona Catalina lle advertiu ao Rosmithal que estaba excomulgado, pois “os que falan con eses homes, comen e beben con eles, son reos do mesmo delito que os que os axudan, porque o seu delito é público”, finalmente os visitantes foron absoltos nunha cerimonia celebrada de forma inmediata, co que se lles permitiu visitar a Catedral. O caso é que, igual que anteriormente vimos a dona Xoana formando parte do bando enfrontado ao poder arcebispal en 1458, anos máis tarde o bando contrario ao que asediou o seu fillo estaba liderado por outra muller: dona Catalina de Fonseca. De feito, esta última chegou a outorgar, “con mi fijo Luis de Acebedo, hermano del dicho Sr. Arzobispo, e con todos los otros fidalgos e criados del dicho Señor en servicio de Dios e del dho. Sr. Rey e del dho. Sr. Arzobispo”, un documento polo que confesaba tomar “dinero, plata y otros cosas de la dicha iglesia [de Santiago] para sustentación e mantenimientto e provisión della e gente que conmigo en ella ha estado e está en defensión della e de la dha. Cibdad e del dho. Arzobispado” (Couselo Bouzas 1926: 123-126). A quen sitúa no bando contrario? A “Bernaldianes de Moscoso e D.ª

Juana de Castro e Alvar Perez de Moscoso e Suero Gomez e D. Fernando e Lope Pérez e las otras gentes de la dha cibdad e fuera della, que han tenido e tienen preso al dho. Sr. Arzobispo e cercada la dha. Iglesia e torres de la plaza por dos veces”. Significativamente, dona Catalina parece recoñecer con este nomeamento explícito o papel novamente activo de dona Xoana, xunto aos seus dous fillos, nos conflitos composteláns de 1466.

En todo caso, o que resulta evidente é que, unha vez viúva e contando cunhas sólidas bases patrimoniais máis unha posición social ventaxosa dentro da liñaxe dos Moscoso ao ser a nai dos chamados a herdar a Casa, Bernal Eanes e Álvaro Pérez, dona Xoana tivo un activo protagonismo non só na xestión do seu patrimonio senón tamén nos conflitos que a levaron a estar, xunto aos seus fillos, no lado opositor aos señores da cidade de Santiago, os arcebispos don Rodrigo de Luna e don Alonso de Fonseca II. Sen dúbida, esa participación feminina debe ser entendida no marco da plena integración social e liñaxística de dona Xoana e, sobre todo, ante unha firme defensa dos intereses familiares que levarían outras mulleres como ela, caso da citada dona Catalina de Fonseca, entre outras (Pelaz Flores 2015: 149-158), a actuar plenamente nos conflitos que tiveron lugar nunha sociedade como a medieval que

estruturada fundamentalmente sobre la violencia y la guerra entre los que aspiraban a construirse un poder patrimonial rico y permanente, de linajes jerarquizados a cuya cabeza estaba uno reconocido como real, podía aceptar actuaciones de mujeres por encima de los condicionantes del «género» y privilegiar esas actuaciones políticas y militares sobre estos. (Pastor 2003: 53)

4. Relixiosidade e preparación ante a morte

Aínda que os testamentos medievais informan en gran medida sobre a vida, moi especialmente sobre distintos aspectos socio-económicos dos testadores e a súa contorna, non podemos esquecer a finalidade eminentemente relixiosa e funeraria que presentan. Por iso, xunto á organización da transmisión patrimonial, os documentos de últimas vontades tiñan como obxectivos fundamentais fixar o lugar de enterramento e, ao mesmo tempo, tratar de asegurar o descanso da alma mediante o establecemento de legados piadosos e a elección dos intercesores celestiais. Que nos din a este respecto as últimas vontades de dona Xoana de Castro, outorgadas na torre de Folgoso, sita en

Santaia de Pereira (Ordes)³⁶, estando *doente* e querendo deixar os seus bens ordenados?

Sobre o lugar de sepultura, dona Xoana non optou pola opción do “reagrupamento” familiar *post mortem*, como queda patente noutros testamentos da época³⁷. Móstrase así a plena capacidade de testadoras viúvas como dona Xoana á hora de escoller libremente a súa última morada. Neste caso en concreto pide ser inicialmente soterrada na igrexa de Santa María de Ordes. Posteriormente, os seus ósos serían trasladados a Santa María da Esperanza “e me fagan mina sepultura según pertenece a meu estado ou me deitem a donde les plaçere”.

A tenor do dito, o seu lugar de sepultura definitivo situaríase na igrexa de Santa María da Atalaia de Laxe³⁸. Esta identificación realizámola a partir do disposto pola filla de dona Xoana, dona Urraca de Moscoso, no seu testamento de 1498. Nas súas últimas vontades, dona Urraca pide que rematen a “iglesia de Santa Maria del Atalaya que se llama de la Esperança” e especifica a entrega de dous mil marabedís ao “capellan que yo e mis sucesores fesieremos a la capilla de Santa Maria del Atalaya, que se dice de la Esperança, en cada un año”, quen quedaría obrigado a dicir dúas misas rezadas “dentro de la dicha capilla, una en sabado a reverencia de nuestra Señora Virgen Maria e la otra en miercoles por las animas de mi padre e de mi madre e por la mia” (García Oro e Portela Silva 2003: 100). Tamén se fala da obriga de que os dominicos composteláns de Bonaval enviaran alí un frade, que recibiría como pagamento sete fanegas de trigo *facenderas*. De feito, Laxe parece ter actuado de porto natural do señorío de Altamira, mantendo unha estreita relación coa familia dos Moscoso e especialmente con dona Urraca (Carré Aldao 1980: 169-170, Lema Suárez 1993: 160, Eiroa García 2013: 12, 38-46). Incluso Eugenio Carré Aldao (1980: 169) chega a afirmar que na igrexa de Santa María de Atalaia “están los primeros sepulcros de los Moscoso de Altamira, del siglo XIII, algunas

de cuyas inscripciones picáronlas unos falsos peregrinos”. Porén, ademais das dúbidas que me suscita esta afirmación, Lema Suárez (1993: 168) sinala que á altura de 1990 “non podemos apreciar resto de tumba ningunha”. Tamén Eiroa García (2013: 56) advirte que as tumbas conservadas xunto ao altar maior –dúas lápidas anepígrafas–, unha cunha coroa real, “más bien podrían pertenecer a miembros de la familia de hijosdalgo de Soneira, los Pazos, vasallos de la casa de Altamira”, pois “el linaje de los Moscoso tenía su propia necrópolis en la iglesia y convento compostelano de Santo Domingo de Bonaval”. Aínda así, o certo é que esa preferencia dominica –tal vez sobrerrepresentada na historiografía debido aos restos conservados– non implicou, como vimos, o abandono doutros lugares como espazos de enterramento dos Moscoso ao longo do século XV. Isto faise evidente no caso de dona Xoana e tamén nos doutros membros da liñaxe como o seu propio cónxuxe, Rodrigo de Moscoso, que apostou porque “meu corpo seja sepultado dentro eno mosteiro de Sam Paio d[e] Ante Altares, da cidade de Santiago” (AHNOB, *Baena*, carp. 238, nº 1, fol. 57r). Ademais, no testamento de dona Urraca de Moscoso, aínda que esta optou por organizar un panteón familiar en Bonaval –“acerca del altar de la capilla que tengo en el dicho monesterio que es la avocación de Santo Agustín e de Santo Ysidro”–, compróbase a dispersión existente respecto da topografía funeraria dos homes e mulleres vinculados á liñaxe: “mando que embien a Roma por una bula del Papa para sacaren a mi señor don Pedro [Osorio, o seu marido] del monesterio de Sant Francisco e a mi fijo don Alonso del monasterio de Sant Payo e que e que entonces echen a mi señor don Pedro en su sepultura e a mi fijo don Alonso conmigo en la mía” (García Oro e Portela Silva 2003: 98-99). Tamén os seus dous irmáns escollerían, como se dixo, outros espazos de enterramento como consta no testamento de Álvaro Pérez de Moscoso ao dispor ser “sepultado enno mosteyro de San

³⁶ No seu testamento de 1458, Rodrigo de Moscoso outorgara a “meu fillo Álvaro Pérez a mina torre e cassas de Folgoso, que son en Terra de Montaos” (AHNOB, *Baena*, C. 238, D. 1, fol. 59r). Sobre Folgoso véxase tamén Galbán Malagón 2011a: 171-172.

³⁷ Aínda que se reiterará *infra*, o seu marido fora enterrado en San Paio de Antealtares xunto ao seu pai Roi Sánchez de Moscoso, e os dous fillos varóns de dona Xoana, Bernal e Álvaro, optaran por San Francisco de Santiago no marco dunha clara dispersión da topografía funeraria dos Moscoso pola Compostela baixomedieval (Galbán Malagón 2015: 25-26).

³⁸ Sobre esta igrexa e as súas diversas manifestacións artísticas véxase Caamaño Martínez 1962: 250-254, Lema Suárez 1993: 159-213, Eiroa García 2013.

Francisco de Santiago, covo mev yrmao, señor Vernal Deanes, que Deus aja” (Galbán Malagón 2010: 47).

Retornando ao caso de dona Xoana, nos capiteis das columnas das que arranca o arco apuntado que dá acceso ao presbiterio de Santa María de Atalaia, consérvanse, como xa se apuntou *supra*, uns escudos nos que se combinan os emblemas heráldicos das liñaxes paterna e materna de dona Xoana: no cuartel da dereita os seis roeis dos Castro e no da esquerda dous caldeiros dos Lara (fig. 4). Estamos, pois, ante as armas propias de dona Xoana. É unha pegada evidente da vinculación da igrexa con dona Xoana, a pesar de que non sabemos con certeza se a súa inhumación finalmente tivo lugar nesta igrexa e se isto deu lugar a algún monumento funerario destacado. En todo caso, Lema Suárez (1993: 164) fai referencia á existencia, no muro norte, dun “fornelo rematado en arco apuntado”, onde “talvez alí estivo o sartego da nai de D^a Urraca de Moscoso”. Certamente, Caamaño Martínez (1962: 254) sinalou que, se ben a obra xa se tería iniciado en 1498 –correspondendo a parte máis antiga á cabeceira, é dicir, á capela maior e aos escudos sitos nos capiteis das columnas do seu arco de ingreso–, finalmente sería rematada cara á primeira década do século XVI.

Respecto da súa inhumación, tamén convén destacar no testamento de dona Xoana a presenza do formulismo –non por iso exento



Figura 4. Emblema heráldico de dona Xoana de Castro en Santa María de Atalaia³⁹

de ser expresivo dos desexos da sociedade do momento– de ser enterrada “según pertence a meu estado”, é dicir, evidenciando a súa posición privilexiada dentro da xerarquía social.

No relativo á procura da salvación da súa alma mediante a elección dos intercesores celestiais e o encargo de oracións *post mortem*, cómpre destacar a simplicidade do formulario notarial empregado. É posible que isto derive da nocturnidade do momento de outorgamento, “a quatro ou cinco oras da noite por andar”, e da enfermidade da propia testadora, próxima á súa defunción. En todo caso, non por iso falta a invocación á Virxe –intercesora por excelencia na práctica testamentaria medieval– máis a cláusula xenérica dos “santos he santas da Gloria do Paraíso”. Estas son as únicas disposicións respecto da procura de mediadores ante “nostro Salvador y Rredentor”. Posteriormente, tamén resolve a fundación de misas coa disposición de “que me digan quantas misas” puídesen, ben no día que a enterraran ou ben noutro día.

Máis detallados resultan outros encargos que poden relacionarse ao mesmo tempo con cuestións espirituais e materiais. Refírome aos legados de carácter piadoso cos que, por unha parte, é posible practicar a caridade e as boas obras que servirían para conseguir méritos a prol da salvación da alma e, ao mesmo tempo, contribuirían a manter viva a memoria terreal da testadora ao ser invocado o seu nome no futuro e incluso poder chegar a evidenciarse o seu patrocinio a través de representacións heráldicas ou epigráficas.

No testamento de dona Xoana destaca o encargo para fundar un hospital xunto a San Marcos de Corcubión⁴⁰ a partir dos materiais –“pedra e tella he madeira”– que foran das casas que tiña na vila de Corcubión e que lle derribaran os irmandiños. Ao seu herdeiro pídelle que “de para el todo o que feçer mester”, o que evidencia o firme desexo de dona Xoana para que prosperase a fundación. Para garantir a súa construción e continuidade tamén lle asigna rendas aos pedreiros que o deberían levantar e roupa para a súa dotación. Esta, procedente da “roupa da cama que está en Laje”, sería repartida entre

³⁹ <http://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2017/07/santa-maria-da-atalaia-laxe.html>.

⁴⁰ En 1500 o seu neto Lope Sánchez de Moscoso mandou á igrexa de San Marcos de Corcubión 30.000 marabedís “para la obra de la dicha yglesia por mi anima y de mi señora doña Juana, que santa gloria aya” (García Oro e Portela Silva 2003: 110). Sobre esta igrexa e outras manifestacións artísticas de Corcubión, con transcripción do referido á dita vila no *Compendio del Estado de Altamira* de 1724, véxase Cerviño Lago 1997.

o hospital de Corcubión e o de Laxe. Precisamente, xa se indicou que dona Xoana quería que os seus ósos descansasen definitivamente na igrexa de Laxe á que parece referirse máis abaixo cando dispón que, “desde que a yglesia for acabada, cerrada e pintada”, a renda de sete fanegas que lle correspondía na parroquia de Santa María de Baio pasaría ao mosteiro de San Francisco ou Santo Domingo de Santiago “honde ha mina filla quiser, y que o mosteiro que o ouver de haver que de un flaire letrado que se vaia en véspera de Ramos a durmir a Lage he que esté y hasta lunes de Pascua pedricando a Passión he a Rresurrezió do fillo de Deus”. Estamos ante unha moi interesante referencia devocional que se confirma grazas ao disposto no testamento de 1498 da súa filla dona Urraca de Moscoso, quen, como xa se referiu, optou por beneficiar ao mosteiro de Santo Domingo de Santiago, onde dispuxo ser soterrada:

Iten mando que des que la iglesia de Santa Maria del Atalaya, que se llama de la Esperança, que es en el mi puerto de Laje, fuere acabada como mi señora madre mando, que las siete fanegas de trigo de fazenderas que se deven en Vayo que se den a este monesterio de Santo Domingo de Santiago, e que los flaires del dicho monesterio sean obligados de enbiar al dicho puerto un flaire segund que mi señora madre mando en su testamento. (García Oro e Portela Silva 2003: 100)

De feito, dona Xoana nomeou por cumpridores “a mina filla dona Urraca he Álvaro Pérez, meu fillo, hena obra da yglesia de Laje”, aínda que para o resto parece quedar como único testamenteiro Álvaro Pérez.

A ausencia de legados a outras institucións lévanos a sospeitar se en realidade non estaremos ante unha copia de boa parte das mandas de dona Xoana de Castro pero non de todas. Non deixaría nada máis aos mendicantes composteláns? Tampouco a San Paio de Antealtares onde repousaba o seu marido? Nin sequera algo a San Martiño Pinario ao que cita pero só por ter un foro de dito mosteiro? A matemática da salvación doutros testamentos da época e a práctica habitual de outorgar unha pluralidade

de legados piadosos a favor das diferentes institucións eclesiásticas que se situaban próximas aos espazos de vida dos testadores fan que non sexa arriscado supor a perda doutros legados nesta copia moderna. Incluso a pesar do apurado da concesión, en plena madrugada, resulta estraño ese esquecemento que contrasta cos diversos legados que outorgou a favor de distintos homes e mulleres da súa familia ou próximos a ela.

Precisamente, a pesar de que o groso do seu patrimonio recaería sobre o seu único fillo varón vivo, Álvaro Pérez de Moscoso⁴¹, unha parte considerable dos seus bens —aquela que entraría dentro do “quinto de libre disposición”, segundo a lexislación— foi distribuída a favor de diferentes persoas. Entre elas convén destacar o protagonismo adquirido pola súa filla dona Urraca, á que outorgou “o meu porto de Lage”⁴², así como as freguesías de Santa María de Sarantes, San Sebastián de Serramo ou Santa María de Baio. Tamén a nomeou por voz do foro que tiña do mosteiro de San Martiño Pinario.

Tampouco se esqueceu do seu neto Lope Sánchez, ao que lle reservou unha parte da roupa que tiña en Corcubión, sen dúbida aquela que parece destacar pola súa calidade, caso dunha colcha *de Flandes*, así como tres freguesías. Ao mesmo tempo, convén destacar tres legados outorgados a persoas que parecen ser membros da súa familia pero dos que apenas temos datos. Refírome ao concedido a favor de “meu neto Gonçalo de Lourenda, clerigo” para a súa manutención, ao que alude á “mina casssa de Riva que está en o portto de Corcovión, en que eu soia demandar salgar” outorgada a un sobriño e, talvez, tamén ao entregado a “Cathalina de Leste, mina *nera*?” —lectura imprecisa que impide coñecer o vínculo concreto— con dous mil pares de brancas “para ajuda de cassamiento”. Precisamente, Álvaro Pérez de Moscoso outorgara no seu testamento duns días antes —do 6 de outubro— o padroado que tiña na igrexa de Lesta “con a heredade propia que ev ey enna dita felegresya, en sua vida e a sua morte que se norne a mev herdeyro” a

⁴¹ A pesar dos cambios que tiveron lugar desde 1458, fundamentalmente o falecemento de Bernal Eanes de Moscoso, parece cumprirse dalgún modo o disposto por Rodrigo de Moscoso no seu testamento ao querer que os seus fillos aceptasen que a herdanza materna pasase a un único fillo, agora xa non Bernal senón Álvaro (vid. *supra*).

⁴² Precisamente no seu testamento, dona Urraca fala de “mi puerto de Laje”, evidenciando a transmisión da nai á filla (García Oro e Portela Silva 2003: 100). Nun inventario de escrituras do século XVI faise referencia a un documento con “la posesyon que tomo del puerto de Laje la señora Doña Urraca despues de la muerte de la su señora Doña Joana de Castro” (*Ibid.* 479).

“Catalina, filla de Afonso de Lesta, escudeyro”, que parece ser a mesma muller que cita dona Xoana, aínda que nada se di respecto a un vínculo familiar que poida aclarar a lectura correcta de *mina nera* (Galbán Malagón 2010: 48).

Outros legados diríxense a homes e mulleres concretos fóra da familia, ben como forma de pagar débedas –caso de Xoán Tato de Baio e García do Rial, para os que pide que lles entreguen “o que eles juraren *que* me enprestaron”–, ben como mostra de gratitude e proximidade. No caso dalgunhas mulleres estes legados acaban por concretarse en diñeiro ou enxoval para axuda dos seus casamentos, como pasa co outorgado á súa criada Maior Fernández. Tamén cómpre destacar o legado para María Souto, ama do seu fillo Álvaro Pérez, nunha mostra máis da importancia e proximidade que adquiren as amas nos testamentos das elites⁴³. Non falta unha disposición xenérica a favor dos seus criados, tanto homes como mulleres: “den de vestir a todos los meus criados he criadas, haos *que* haora están conmigo he ha fillos e fillas de matrimonio a cada um según seu estado”.

Por último, cómpre sinalar a inclusión de fórmulas notariais habituais neste tipo de documentos tras o nomeamento dos cumpridores e herdeiros como son a revogación de calquera outra manda ou testamento que puidera ter outorgado a testadora previamente, o apartamento con cinco soldos dos posibles *parentes* e *parentas* que poderían chegar a reivindicar algún dereito á herdanza, a presenza de testemuñas chamadas e rogadas para a ocasión –neste caso cítanse tres homes seguidos dun *e outros*– e, finalmente a subscripción notarial que neste caso veu da man de Vasco Gómez Varela, quen indica a brevidade do testamento: *ffolla e media de papel*, cosido cun fío branco.

Desta forma, dona Xoana de Castro outorgou o seu testamento de madrugada e deixou organizado todo para afrontar a morte que puña punto e final á vida dunha muller que destacou polo seu protagonismo activo ao lado dos seus no marco dunha sociedade que pasou por aquel tempo por un período sumamente convulso.

É posible que a testadora non superara aquela noite ou que sobrevivira pouco máis. En todo caso, o que sabemos con certeza é que o 11 de xaneiro de 1468 o seu neto Lope Sánchez de Moscoso, rodeado de diversos homes próximos aos Moscoso como Xil de Riobó, chegou a un acordo con Estevo de Xunqueiras para o cumprimento do testamento de dona Xoana de Castro, *cuja alma Deus aja*, outorgándolle para iso diversos bens e rendas que lle tiñan pertencido a esta aristócrata⁴⁴.

5. Conclusións

Tras estas consideracións e antes de dar a coñecer no apéndice documental a copia do testamento de dona Xoana de Castro conservada entre os fondos da Casa de Baena, non cabe senón concluír que, a partir da recuperación de novas fontes e dos estudos de caso –que deben ser sempre analizados no seu contexto–, será posible avanzar con paso firme e seguro no coñecemento dunha aristocracia feminina galega cuxo período de esplendor non creo que haxa que limitar ao período altomedieval, con exemplos como Ilduara, nai de san Rosendo (Pallares Méndez 1998), senón que cómpre interpretar e situar en cada momento concreto da Idade Media, atendendo aos cambios e adaptacións que van tendo lugar no marco da reorganización das estratexias e estruturas de parentesco aristocráticas. Desta forma, será posible avanzar cara a un discurso histórico máis rico en matices, no que poñer de manifesto a complexidade dunha sociedade como a medieval na que, máis alá dos discursos teóricos, normativos ou morais, existía unha realidade social e unha cotidianidade nas que é posible comprobar o destacado papel que tiveron as mulleres da aristocracia dentro das súas liñaxes e da sociedade en xeral.

No caso que nos ocupa, podemos facer fincapé en que estamos ante unha muller que, máis alá de constituír *per se* un símbolo da alianza entre os Castro e os Moscoso a raíz do seu casamento cun membro desta última liñaxe e de contribuír á reprodución biolóxica dos Moscoso ao ser nai de Bernal Eanes, Álvaro Pérez, dona Inés e dona Urraca, dona Xoana de

⁴³ En 1498 dona Urraca de Moscoso tamén nomea as súas amas no seu testamento: “Item mando a mis fijos sopena de mi bendicion que non quiten a mi ama Maria Ares las seys teegas de pan que de mi tiene en prestamo por tiempo de su vida. E mando a mi ama Ynes Gomes mill maravedis e encomendola a mi fijo don Rodrigo pues que lo crio que le de comer” (García Oro e Portela Silva 2003: 102).

⁴⁴ Archivo Ducal de Medinaceli (ADM), *Fondo Xunqueiras*, leg. 1, nº 4, consultado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), microfilme 50, imaxes 0047-0050.

Castro foi unha rica propietaria cun importante patrimonio *de seu*, que non só posuíu, senón que tamén usufrutuou, xestionou e decidiu organizar de cara á súa transmisión á hora de outorgar as súas últimas vontades. Ademais, foi unha muller que aparece vencellada a diversos episodios de tensión e conflictividade no seo da Compostela de mediados do século XV. Neste sentido, a súa condición de viúva desde 1458 até 1467 outorgaríalle, como sucede en moitos outros casos, unhas marxes de actuación e liberdade especialmente beneficiosas e amplas no caso das aristócratas que dispuñan de sólidas bases materiais para garantir a súa subsistencia e máis cando tiñan a vantaxe de ter unha descendencia que, como neste caso e a pesar de diversos avatares, tivo nas súas mans a transmisión da cabeza da liñaxe na que se integrara por vía matrimonial, a dos Moscoso.

A todo isto debemos engadir que, como outras aristócratas do momento, dona Xoana de Castro non só formou parte dunha ampla rede de relacións sociais e económicas, senón que tamén mostrou nas súas últimas vontades comportamentos relixiosos, de patrocinio e de conservación da memoria moi propios da época.

En definitiva, a localización e publicación dun testamento até o de agora inédito permítenos profundar no coñecemento desta aristócrata baixomedieval galega que tivo un papel de primeiro nivel na Compostela de mediados do século XV e que en fontes proclives a ela aparece presentada como “duena de honor e de noble linaxe e muger de ome muy honrado”. Non cabe pensar que foi unha muller única e excepcional, pero talvez si un exemplo de participación social feminina destacado dentro dunha sociedade como a medieval que moitas veces outorgaba ás mulleres marxes de actuación e liberdade non sempre recoñecidas –ou

polo menos non suficientemente– pola historiografía, que é a que ás veces atribúe a mulleres como dona Xoana cualificativos certamente connotados como o xa referido de “muller intrigante”.

6. Apéndice documental: o testamento de dona Xoana de Castro (1467)⁴⁵

1467, octubre, 21. Torre de Folgoso.

Testamento de dona Xoana de Castro, viúva de Rodrigo de Moscoso.

AHNOB, *Baena*, C. 238, D. 1, fols. 64v-70r. Traslado notarial en papel realizado en 1761 xunto ao doutros documentos da Casa de Altamira tras a súa presentación a modo de “probanza” por parte dos Marqueses de Astorga no marco dun preito. Forma parte dun volumen en cuxa portada figura: “En este libro se hallan copias auténticas de varios testamentos de Señores de la Casa de Altamira”⁴⁶.

E[no] nome de Deus, amen. Sa|bian quantos esta carta de man|da e testamento vieren como eu | doña Juana de Castro, *he sen|do (sic)* doente da dolor qual nos|tro Señor por [ben] toubo de me dar | enp[e]ro con todo meu sisso he | entem|dimento natural, hor|deno de meus vens como despo|is de mina *merte (sic)* fiquen | ordenados.

Etem mando ||^{65r} primeiramente a mina | alma a Deus e rogo á Vir|gen Señora Santa María, | con todos los santos he santas | da Gloria do Paraíso, que quey|ram por min, pecadora, rogar | a nostro Salvador y Rreden|tor *que* me queira perdoar | hos pecados que teño feitos con|tra a súa vontade.

Yten man|do enterren o meu corpo ena ygre|sia de Santa María | d’Órdenes he, ha mina carne | gastada, que leven os meus ó|sos a Santa María da Es|perança e me fagan | mina sepultura según | perteneçe a meu estado ou me | deitem a donde les plaçere. ||^{65v}

⁴⁵ Para a edición do documento marcamos o salto de liña con |, o salto de folio con || máis o número de folio correspondente en superíndice, as lecturas dubidasas cun ?, as lagoas de lectura con [...], as reconstrucións entre [] e as lecturas literais erradas ou pouco habituais cun (*sic*). No caso de abreviaturas indicamos o desenvolvemento en cursiva. Ante as consoantes dobres optamos por mantelas. Regularizamos a puntuación e a acentuación segundo criterios actuais, ademais de optar por poñer <u> e <v> conforme ao seu valor de vogal ou consoante e a regularización de <c> (+ vogal velar con valor sibilante) a <ç>. As imaxes do manuscrito pódense consultar a través do portal PARES (<http://pares.mcu.es>).

⁴⁶ A pesar de que aínda estamos en proceso de estudo deste volume, convén advertir que no mesmo non só aparecen copiados varios testamentos senón tamén outro tipo de documentos relacionados cos Moscoso ou a Casa de Altamira. Tamén cómpre sinalar que se cita outra posible copia deste testamento en Pardo de Guevara 2012: 388, n. 83 coa sinatura ADM, *Xunqueiras*, leg. 4, n.º 25. Porén, tras consultar os fondos do Arquivo Ducal de Medinaceli comprobamos que actualmente dita sinatura corresponde a un documento do século XVIII que nada ten que ver con dona Xoana de Castro. Agradezo a amabilidade mostrada tanto no Arquivo Histórico Universitario de Santiago como no Arquivo Ducal de Medinaceli durante esta pesquisa.

Yten mando que me di|gan quantas misas po-
de|cen ho día que me ente|rraren o en outro día.

Yten | mando *que* me façam fa|cer un hospita-
l a par de San | Marco de Cor[co]vi|ón de pedra
| e tella he madeira que foi | das minas cassas
de Corcovi|ón | que me derrivaron hos yr|maos.
Yten mando que meu heredeiro, Álvaro | Pérez,
de para el todo o que | feçer mester. He mando
toda | a mina renda de Corco|vi|ón para hos pe-
dreiros hasta | que el seja hacavado. Yten | man-
do ha rroupa da cama ||^{66r} que está en Laje que
ha par|tan de por medio e den a metade | ha hospita-
l de Corcovi|ón he a ou|tra metade ha hospita-
l da Lalje, salvo una colcha de Flan|des he has
sargas coloradas *que* | ten hos lenços he quatro
sавanas | delgadas he quatro halmo|hadas que
son do meu neto | Lopo Sánchez, he mais una
so|bremessa nova. He mando | *que* lle den todo.

Yten mando | *que* [ha]lla mina filla doña
U|rra-ca o meu porto da Lage, con | todas sus
rendas he direitu|ras, con mais a fegresía de
San|ta María de Osarantes⁴⁷, he con | todas súas
rendas he direituras. | Yten lle mando máys a
fegresía de San Sevastián de Sarra||^{66meo}⁴⁸,
que foy da Lage. Etem | lle mando máis as fele-
gresías | de Vano he de Santa María de Valyo⁴⁹,
con todas súas rentas he direy|turas he juro de
presentaçóns.

Y|ten mando que, desde que a y|gresia for
acavada, cerrada e pin|tada, mando has sete
faneigas | de trigo que eu ajo na fegresía | de
Vayo por la medida de|reytta a San Francisco
ou a | San Domingo, honde ha mi|na filla qui-
ser, y que o mos|teiro que o ouver de haver que
de | un flaire letrado que se vaia en vés|pera de
Ramos a dormir a Lage | he que esté y hasta
lunes de Pas|cua pedricando a Passi|ón | he a
Rresurrezi|ón do ffillo de ||^{67r} Deus.

Heten mando ó | meu netto Lopo Sánchez
has | minas tres fregresías de Carnotta | que fo-
ron de Voén.

Ete[n] nomeo e leyxo | por vos do foro do
mosteiro de Sam | Martino de Canues⁵⁰ que eu

teno | aforado do mosteiro de San Mar|tino de
Santiago por dous mil pares | de brancas cada
ano, nomeo *en ele?* | e no tempo que del hee
por com|pir ha ditta mina filla e que | pague
hó havade de San Mar|tino todo o que lle devo.

Yten | mando que paguen a Fernán de Do-
rovate todo o que | el jurar que eu levey del
por|lo achaque da muller de | Pedro de Vayo.

Yten mando | *que* pague a Juan Tato de |
Vayo he ha Garçia do Rrial | o que eles juraren
que me en||^{67v} prestaron en dineiros feitos. |

Yten mando *que* paguen ha | Fernán de
Bouça Longa he á sú|a muller Sancha Fernán-
dez | una thaça de un marco de pra|ta que me
enprestaron.

Yten | mando a Pai Ares de Lende o | quarto
e oitavo sen *sura*⁵¹ (*sic*) de | San Miguel de
*Tacos*⁵² (*sic*) e mais | en cada ano seisçentos |
maravedís vellos en súa vida. |

Yten mando a Vasco Gómez | en suha vi-
da ha metade | das heredades de Hargemil |
con o terço *cen sura*⁵³ (*sic*) de San Mar|tino
d'Oliveira⁵⁴ por súa pres|tança hen suha vida.

Yten | mando que den de vestir | a todos los
meus criados | he criadas, haos *que* haora ||^{68r}
están connigo he ha fillos | e fillas de matrimo-
nio a cada | um según seu estado.

Yten | mando a Vasco Gómez *que* lle ley|je
o que lle eu dei.

Yten mando | que den a Juan Rodríguez |
Moula he a Jil de Rriovoo, | o Moço, he a Fern-
nán Rodríguez | de Villar Trigo a cada un seu
| cavalo.

Yten mando | *que* den ha Vasco Gómez a
mina | mula en que eu ando, *que* foy | de Rroy
Seara. He mando *que* ha | paguen ha Rroy
Sehara.

Ytem | mando que Álvaro Pérez, | meu fillo,
de en cada un ano a | Jácome López he ha súa
muller | Sancha Votana mentre | fosen vivos
para súa man|tenza en cada ano | quatro oyta-
vas de pan. ||^{68v}

⁴⁷ Trátase de Santa María de Sarantes, sita no concello de Laxe, que consta na carta de dote dada en 1425 por don Fadrique, duque de Arjona, a favor da súa prima dona Xoana (García Oro e Portela Silva 2003: 524).

⁴⁸ San Sebastián de Serramo, no concello de Vimianzo, tamén outorgada na carta de dote (*Id.*).

⁴⁹ Santa María de Baio, concello de Zas (*Id.*).

⁵⁰ Posiblemente San Martiño de Canduas, na terra de Bergantiños.

⁵¹ Sería: cura, de *sine cura*.

⁵² Talvez San Miguel de Treos, no concello de Vimianzo? Certamente é a única parroquia de entre as donadas por don Fadrique a dona Xoana coa advocación de san Miguel (*Id.*).

⁵³ Sería: sen cura (*sine cura*).

⁵⁴ No concello de Dumbria.

Yten mando a Cathalina de | Leste, mina
nera?⁵⁵, dous mil pares | de brancas para ajuda
de | cassamento.

Yten mando a Ma|ría de Souto, ama de Ál-
varo Pérez, | dous mil maravedís vellos para |
ajuda de cassamento.

Yten | mando a Mayor Fernández | mina
criada, para ajuda | de cassamento mil marave-
dís | vellos he una cama de roupa | de esta que
aquí está.

Yten | mando *que* pague meu fillo | Álva-
ro Pérez a Tharesa Fer|nández do Rreindo, ha
ela e | seus fillos, un harnés cumplido | *que* meu
enprestou.

Yten man|do a menc[ion]ado Vasco Gómez
| a quinta *que* eu ajo en Tedín, eno | casal das
Quintas, con o terço | da vos dos terzos para
senper, ||^{69r} a qual pertencee á casa de Tem|dim
que lle eu dey.

Yten mando | a meu neto Gonçalo de Loure-
da, clérigo | a metade sen cura de Santiago de |
Trava con a metade de Sant'Estevo | de Leres⁵⁶,
sen cura qual el ante quiser | para ajuda de súa
mantença⁵⁷.

Y|ten mando a meu sobriño [...] ⁵⁸ | a mina
cassa de Rriva que está en o por|tto de Corco-
vión, en que eu soia deman|dar salgar.

Yten faço por meus cum|pridores a mina
filla dona V|rraca he Álvaro Pérez, meu fillo, |
hena obra da ygresia de Laje | he Álvaro Pérez
hen todo o al. |

Yten faço por meu heredeyro uni|versal en
todos los outros meus | vens móveles e raýces,

| e señoríos he rentas he direy|turas he foros
de presentaçón | que eu *aú[n]* ajo? hao dito
meu fillo ||^{69v} Álvaro Pérez, minas | mandas he
[n]ego[ci]os⁵⁹ cumpridas.

E con esto dou e otorgo por | mina manda
e testamento e pos|trimerá vontade, he revo-
co todas | he caisquer outras que fasta aquí |
teña e aja feitas en qualquier | maneyra, que
quero que | non vallan salvo esta que | hahora
outorgo.

He aparto todos | los outros meus parentes
e parentas | en çinco soldos e que amais | de
meus vens non se estenda. |

Que foi feita e otorgada dentro | ^{da} torre de
Folgosso que hé | *na* feligresía de Santa Aya |
de Pereira, a quatro ou çinco | oras da noite por
andar a ve|ynte he un días de outubro | de ano de
mil e quatroçentos ||70r sesenta e sette años.

Testigos que | foron presentes, chamados
e rroga|dos Afonso d'Acosta e Paio Ares, es-
cu|deiros, e Juan Rodríguez Moula | o Moço,
fillo de Afonso Ares do Rreindo, | e outros.

E eu Vasco Gómez Varela, *escrivano* | pú-
blico do noso señor el rey e notario | na súa
corte he en todos los seus reynos | e señoríos,
a esto susoditto e outorga|mento presente fuy
con o[s] sobre|dittos testigos e fiç escribir en
esta | ffolla e media de papel *que* vay co|çeito
con filo branco. He en fin de | cada plana mi-
na çifra acostuma|da en *testimonio* de lo qual
pusse | aquí meu nome e sino en testi|monio de
verdad *que* tal é.

Vasco Gómez Varela, notario.

⁵⁵ Talvez *nora*? Non obstante, non consta que o fora e, como xa se advertiu *supra*, non é posible clarificar este vínculo familiar, máis tendo en conta que o único fillo vivo de dona Xoana nesa altura era Álvaro Pérez de Moscoso, do que non sabemos se casou. Ademais, Álvaro nomeou esta muller no seu testamento –outorgado apenas uns días antes que o da nai– sen referirse a ela como cónxuxe nin como prometida. Por outra parte, o feito de que dona Xoana lle outorgue un legado testamentario para o seu casamento tamén parece contradicir esta posible lectura alternativa.

⁵⁶ Sería Santo Estevo de Lires, no concello de Cee.

⁵⁷ Nos inventarios de escrituras da Casa de Altamira do século XVI consérvase unha referencia a un “título de Santiago de Traba a Gonzalo de Loreda a presentación de Doña Joana de Castro”, así como un “título de muchos beneficios de Gonçalo de Loreda” (García Oro e Portela Silva 2003: 497-498).

⁵⁸ Lectura dubidosa: *bro.os*?

⁵⁹ No documento figura ao comezo desta palabra un <m> e despois parece que hai un <c> ou <i>.

7. Referencias bibliográficas

- Aponte, Vasco de (1986): *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* (introducción e edición crítica con notas polo Equipo e Investigación “Galicia hasta 1500”, integrado por Manuel C. Díaz y Díaz *et alii*). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Barco Cebrián, Lorena (2014): *Mujer, poder y linaje en la Baja Edad Media. Una biografía de Leonor Pimentel*. Madrid: La Ergástula.
- Beceiro Pita, Isabel (1986): “La mujer noble en la Baja Edad Media castellana”, en Y.-R. Fonquerne (ed.), *La condición de la mujer en la Edad Media. Actas del Coloquio celebrado en la Casa de Velázquez del 5 al 7 de noviembre de 1984*. Madrid: Casa de Velázquez, Universidad Complutense.
- Beceiro Pita, Isabel e Ricardo Córdoba de la Llave (1990): *Parentesco, poder y mentalidad. La nobleza castellana (siglos XII-XV)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Caamaño Martínez, Jesús María (1962): *Contribución al estudio del gótico en Galicia. Diócesis de Santiago*. Valladolid: Universidad de Valladolid.
- Calderón, Carlos (2007): “Doña Urraca de Moscoso: de la crónica a su testamento. Perfil de una noble gallega de la segunda mitad del siglo XV”, *La Aljaba. Segunda Época. Revista de estudios de la mujer* 11, pp. 211-228.
- Carrasco y Cifuentes, Lorena María (2016): *Los señores y la guerra a finales de la Edad Media. La nobleza gallega de los siglos XIV y XV a través de sus conflictos*. Tese de doutoramento inédita. [Madrid]: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- Carré Aldao, Eugenio (1980): *Geografía General del Reino de Galicia. Vol. VI. La Coruña*, tomo 3. A Coruña: Ediciones Gallegas.
- Cendón Fernández, Marta (2012): “La imagen de la mujer en el arte bajomedieval gallego”, en M. García-Fernández, S. Cernadas Martínez e A. Ballesteros Fernández (eds.), *As mulleres na Historia de Galicia. Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero*. Santiago de Compostela: Andavira, pp. 81-100.
- Cerviño Lago, Josefina (1997): “Manifestaciones artísticas en Corcubión”, en J. Leira López (dir.), *O Camiño Inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela. Aulas no Camiño. Un estudio multidisciplinar da realidade galega que atravesan os camiños de Santiago*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 215-235.
- Coss, Peter (1998): *The lady in medieval England*. Stroud: Sutton Publishing Ltd.
- Couselo Bouzas, José (1926): *La guerra hermandina. Siglo XV*. Santiago [de Compostela]: Tip. de El Eco Franciscano.
- Eiroa García, Jorge Juan (2013): *El retablo de la Resurrección de Santa María de la Atalaya (Laxe, A Coruña)*. Murcia: Compobell.
- Enjo Babío, María Ascensión *et alii* (2017): “Selección documental”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 619-722.
- Evergates, Theodore (ed.) (1999): *Aristocratic women in medieval France*. Philadelphia: University of Pennsylvania.
- Fernández Abella, David (2014): “El castillo de A Rocha Forte, un ejemplo para el estudio de la guerra bajomedieval”, *Roda da Fortuna. Revista Electrónica sobre Antiguidade e Medioevo* 3/1-1, pp. 225-256.
- Framiñán Santas, Ana María (2004): “O título vizcondal de Fisterra no contexto da creación de títulos en Galiza na Idade Media”, *Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia. Boletín* 3, pp. 421-431.
- Framiñán Santas, Ana María e Xosé Antón García González-Ledo (2004): “Os Costela, fidalgos da casa de Moscoso (séculos XV-XVI)”, *Descubriendo* 6, pp. 145-167.
- Fuente Pérez, María Jesús (2017): *Violante de Aragón, reina de Castilla*. Madrid: Instituto de Historiografía Julio Caro Baroja, Universidad Carlos III de Madrid.
- Galbán Malagón, Carlos José (2010): “A morte e os impostos. Algúns documentos da casa de Moscoso na Baixa Idade Media”, *Acta historica et archaeologica mediaevalia* 30, pp. 35-66.
- (2011a): *Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira*. Tese de doutoramento. Barcelona: Universitat de Barcelona.

- (2011b): “Señor, non sejas ataúd de teus criados. Una aproximación a los afines del entorno de la casa de Moscoso (c.1411-c.1510)”, *Anuario de Estudios Medievales* 41/1, pp. 235-272.
- (2011c): “Mejor tú que yo. La guerra Inters señorial: batallas, asaltos y tomas de fortificaciones en la Galicia del siglo XV”, *Ex novo. Revista d'història i humanitats* 7, pp. 157-179.
- (2015): “Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 18, pp. 13-31.
- García-Fernández, Miguel (2013): “Las élites femeninas en las ciudades gallegas de la Baja Edad Media”, *Mirabilia: Revista Eletrónica de Història Antiga e Medieval* 17, pp. 337-393.
- (2017): “Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 71-239.
- (2018): “As derradeiras vontades dos señores de Castroverde: edición de «novos» documentos para o «Corpus testamentario da Galicia medieval»”, *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación* 57, pp. 197-218.
- (no prelo): “O testamento de Rodrigo de Moscoso, cabaleiro e pertegueiro maior da Terra de Santiago (†1458)”, *Murguía. Revista galega de historia* 38.
- García Oro, José (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- (1994): *Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540). Estudio histórico y colección documental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1999): *Galicia na Baixa Idade Media. Igrexa, señorío e nobreza*. Noia: Toxosoutos.
- García Oro, José e María José Portela Silva (2003): *La casa de Altamira durante el Renacimiento. Estudio introductorio y colección diplomática*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- (2007): “El señorío de Castroverde y Luaces en el Renacimiento”, *Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia* 6, pp. 373-382.
- García Tato, Isidro (1996): *Valdeorras de cara al año 2000. Pasado, presente y futuro de una comarca*. Vol. I. O Barco de Valdeorras: Instituto de Estudios Valdeorreses.
- Garrido, Gustavo A. (1994): *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX*. Vigo: Galaxia.
- Guerrero Navarrete, Yolanda (2016): “Testamentos de mujeres. Una fuente para el análisis de las estrategias familiares y de las redes de poder formal e informal de la nobleza castellana”, *Studia Historica. Historia medieval* 34, pp. 89-118.
- Lema Suárez, Xosé María e Roberto Mouzo Lavandeira (1998): *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Livingstone, Amy (2010): *Out of love for my kind. Aristocratic family life in the Lands of the Loire, 1000-1200*. Ithaca, London: Cornell University Press.
- López Ferreiro, Antonio (1884): *D. Rodrigo de Luna. Estudio histórico*. Santiago [de Compostela]: Imprenta de José M. Paredes.
- (1896²): *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Tomo 1 (2ª edición corrixida e aumentada). A Coruña: Andrés Martínez, editor.
- (1904): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo VII. Santiago [de Compostela]: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central.
- Lucas Álvarez, Manuel (2003): *El monasterio de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela en la Edad Media*. Sada: Edición do Castro.
- Marin, Annabelle (2018): “Heredar y administrar en la Castilla del siglo XV. Las formas de autoridad de la alta nobleza femenina”, en H. Gallego Franco e Mª C. García Herrero (eds.), *Autoridad, poder e influencia. Mujeres que hacen historia*. Barcelona: Icaria Editorial, vol. 2, pp. 165-179.
- Molina, [Bartolomé Sagrario de,] Licenciado (2003 [1550]): *Descrición do reino de Galicia*. Noia, A Coruña: Toxosoutos / Editorial Órbigo.
- Núñez Rodríguez, Manuel (1985): *La idea de la inmortalidad en la escultura gallega. La imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Pallares Méndez, María del Carmen (2004² [1998]): *Ilduara, una aristócrata del siglo X*. Sada: Edición do Castro.

- Pallares [Méndez], María del Carmen e Ermelindo Portela [Silva] (2002): “Compostela y la revuelta de los *irmandiños*”, en C. Fernández Cortizo, D. L. González Lopo e E. Martínez Rodríguez (eds.), *Universi-tas. Homenaje a Antonio Eiras Roel. I. Historia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 89-110.
- Otero Piñeyro Maseda, Pablo S. e Miguel García-Fernández (2017): “Documento de doña Aldonza de Mendoza”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 723-838.
- Pagès Poyatos, Andrea (2017): “El *Queenship* como modelo teórico de poder formal e informal aplicado a la nobleza: apuntes para una propuesta metodológica”, *Journal of Feminist, Gender and Women Studies* 5, pp. 47-56.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000a): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2000b): “La Casa de Altamira y sus linajes en la Baja Edad Media. Viejas noticias y nuevos documentos”, en M. Suárez Suárez (coord.), *Actas do I Simposio de Historia da Costa da Morte. Mil cen anos das terras de Nemancos, Soneira e Bergantiños*. Cee: Asociación Neria, pp. 261-282
- (2012): *De linajes, parentelas y grupos de poder. Aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval gallega*. Madrid: Fundación Cultural de la Nobleza Española, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- (2017): “Repertorio biográfico. Genealogía y prosopografía de mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV)”, en E. Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, pp. 343-607.
- Pastor [de Togneri], Reyna (2003): “Mujeres y la guerra feudal: reinas, señoras y villanas. León, Galicia, Castilla (siglos XII y XIII)”, en M. Nash e S. Tavera (eds.), *Las mujeres y las guerras. El papel de las mujeres en las guerras de la Edad Antigua a la Contemporánea*. Barcelona: Icaria, pp. 52-72.
- Pelaz Flores, Diana (2015): “¿Al margen del conflicto? Estrategias, implicación y participación de las mujeres en las luchas nobiliarias del siglo XV en Castilla”, *Roda da Fortuna* 4/1-1, pp. 140-163.
- Portela [Silva], Ermelindo, María del Carmen Pallares [Méndez] e Xosé Manuel Sánchez [Sánchez] (2004): *Rocha Forte. El castillo y su historia*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia,
- Quintanilla Raso, María Concepción (1988): “Capacidad de gestión y proyección social de la mujer noble en la Castilla bajomedieval”, en C. Segura Graño e Á. Muñoz Fernández (coords.), *El trabajo de las mujeres en la Edad Media hispana*. Madrid: A. C. Al-Mudayna, pp. 49-68.
- Sánchez Parra, María Pilar (ed.) (1991): *Crónica anónima de Enrique IV de Castilla, 1454-1474 (Crónica castellana). II. Crónica*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Silleras Fernández, Núeria (2003): “*Queenship* en la Corona de Aragón en la Baja Edad Media. Estudio y propuesta terminológica”, *La Corónica. A Journal of Medieval Spanish Language and Literature* 32/1, pp. 119-133.
- Souto Cabo, José Antonio (ed.) (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria*, Santiago [de Compostela] / [Sada]: Cabildo da S.A.M.I. Catedral de Santiago / Ediciós do Castro.
- Vázquez, María Jesús (1994): “Los condes de Altamira”, *Estudios Mindonienses* 10, pp. 195-279.
- Ward, Jennifer C. (1992): *English noblewomen in the Later Middle Ages*. London, New York: Longman.
- Ward, Jennifer C. (ed.) (1995): *Women of the English nobility and gentry (1066-1500)*. Manchester, New York: Manchester University Press.
- Wilkinson, Louise J. (2015): *Women in Thirteenth-Century Lincolnshire*. Woodbridge, Rochester: The Boydell Press, The Royal Historical Society.
- Zabaleta, Fran (2016): *En tiempo de halcones*. Barcelona: Grijalbo.